

ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 31 DE XANEIRO DE 2020

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 31 de xaneiro de 2020, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Pablo Pérez Pérez, quen rexistrou o seu voto por correo, ao abeiro do disposto no artigo 7 bis do Regulamento Orgánico da Corporación.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta: videoacta.depourense.es

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do 20 de decembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade (incluído o voto por correo de don Pablo Pérez Pérez) o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do 20 de decembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN REPRESENTANTE SUPLENTE DO GRUPO SOCIALISTA NO INORDE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa.

Non se producen intervencións e por unanimidade (incluído o voto por correo do deputado don Pablo Pérez Pérez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Modificar a representación do Grupo Socialista no INORDE, quedando como segue:

- D.^a Margarita Pérez Fernández (suplente: dona Rosario Rodríguez Delgado).

3º.- MODIFICACIÓN DO ARTIGO 15.2 DOS ESTATUTOS DO INORDE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa.

A continuación, prodúcense as intervencións dos portavoces dos grupos, co seguinte resumo:

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía anuncia o seu voto favorable á proposta de acordo, porque considera unha boa iniciativa abrir o abano para que un maior número de persoas poidan optar ao posto da xerencia do INORDE, que consideran debe contribuír a poñer en valor os recursos da provincia.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego anuncia a súa abstención do seu grupo, non tanto pola proposta en si (porque a apertura da posibilidade de optar ao posto de xerencia a un maior número de persoas non ten por que ser negativa) pero a cuestión de fondo para o seu grupo é a propia existencia do INORDE, que non consideran xustificada (posición compartida por outros grupos, mesmo por DO no seu momento) dada a súa ineficacia para defender os intereses da provincia, como demostra o feito de que a maior parte do seu orzamento de destine a gastos de persoal; e se non está xustificada a existencia deste organismo, menos o pode estar a contratación dun xerente.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, entende que hai dúas razóns, unha de orde xurídico e outra de orde político para votar a favor desta modificación estatutaria, dado que se ben a lexislación vixente reserva os postos directivos das entidades locais e dos seus organismos públicos a funcionarios de carreira, contempla tamén a posibilidade de que a través do regulamento orgánico se exceptúe esta regra, e isto é unha tendencia hoxe en día, e pon como exemplo o Concello de Ourense ou, recentemente, a decisión do Goberno de España de eliminar o requisito de ser funcionario para vinte e tres dirección xerais, engadindo que se os cargos directivos deben deseñar ou executar políticas, non semella acaído limitar o seu desempeño aos funcionarios; e no caso do INORDE dáse ademais a circunstancia de que, polas funcións do organismo, a xerencia requira un coñecemento do mundo empresarial. Engade que, sen prexuízo desta modificación, a designación deberá facerse previa convocatoria pública e en atención aos méritos profesionais dos candidatos. En canto ao perfil concreto do candidato, entende que deberá ser o INORDE, ao convocar o posto, o que o concrete, en función dos obxectivos que se establezan para o organismo, ese perfil.

Dona Margarita Pérez Fernández, portavoz do Grupo Socialista, reitera a que ven sendo a posición histórica do seu grupo ao respecto deste organismo, propugnando a súa disolución, dado que se trata dun organismo que, malia os grandes orzamentos que ten manexado, non ten ido máis alá da presentación de grandes proxectos, que logo non se materializan, e a súa ineficacia para acadar o desenvolvemento e a dinamización da provincia é evidente e a poñen de manifesto os datos que ao respecto reflicten os medios de comunicación. Con respecto á modificación, pregunta cal é o motivo da esixencia dunha experiencia mínima de cinco anos como requisito para acceder á xerencia do INORDE. Engade que cre que debería empregarse a linguaxe inclusiva na referencia ao posto da xerencia (dado que no artigo 15.2 segue a aludirse a “o xerente”) e engadir unha referencia ao principio de igualdade entre os principios reitores da súa selección.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Pérez Fernández que busque no artigo 85 bis da Lei de bases de réxime local, que esixe unha experiencia mínima de cinco anos para a presidencia de INORDE, polo que parece lóxico que se esixa o mesmo para a xerencia, cuxa selección corresponderá ao Consello Reitor do INORDE, tal e como consta na proposta de redacción do artigo 15.2. En réplica ao Sr. Varela López dille que é moi pouco orixinal, e que con respecto ao papel do INORDE, lle pregunte a algún alcalde do BNG que ten recorrido ao INORDE e agradecido a súa axuda; preguntalle se sabe cantos proxectos europeos está a xestionar agora mesmo o INORDE, e di que se é capaz de dicirlos nun minuto sen que llo pasen por teléfono, dimitirá do seu cargo de presidente do INORDE ao remate da sesión, engadindo que ante a súa falla de resposta é evidente que non o sabe, facendo entrega no acto dunha relación dos ditos proxectos.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego di que non ten o dato, e non vai a arriscarse a dicilo, porque mesmo o señor vicepresidente tería que dimitir; pero retrúcalle se leu o informe dos economistas da provincia de Ourense, que se publicou en prensa, e o bo funcionamento do INORDE tería que trasladarse dalgún xeito aos datos socioeconómicos da provincia, e a realidade é que un 40 % dos economistas do Colexio din que a situación non mudou e máis dun 50 % consideran que imos a peor, e polo tanto, semella que algo falla nesta provincia e no papel do INORDE. Admite que non coñece todos os proxectos que está a xestionar o INORDE, malia que algúns si. Pero en todo caso, os datos son teimudos, e indican que a provincia non vai ben, e o INORDE terá unha parte de responsabilidade, e na súa intervención non foi tan lonxe como o Grupo Socialista,

que pedía a súa supresión (postura que podería compartir) limitándose a pedir que se lle dea unha pensada e se cambien, cando menos, a súa orientación.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Varela que pode compartir o de que se dea unha pensada ao labor do INORDE, porque iso sempre é necesario, pero cre que o seu discurso neste debate recorda moito ao que lle dicían ao BNG cando durante o Goberno bipartito xestionaban o IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica), polo que se ratifica na súa opinión en canto á falla de orixinalidade do Sr. Varela.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto por correo do deputado don Pablo Pérez Pérez), de Democracia Ourense (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o voto en contra do Grupo Socialista (9) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 15.2 dos Estatutos do INORDE, quedando redactado do seguinte xeito:

“2. O xerente será designado polo Consello Reitor, tras a convocatoria pública e con respecto aos principios de mérito e capacidade e con criterios de idoneidade.

Dados os especiais fins institucionais do INORDE non se esixirá para o acceso ao posto de xerencia a condición de funcionario de carreira do subgrupo AI. En todo caso será requisito para o acceso ao posto dispor da titulación esixida para o acceso ao emprego público en prazas do subgrupo AI e dispor dunha experiencia mínima de 5 anos de exercicio profesional.

Seralle de aplicación á xerencia o réxime de persoal directivo establecido na lexislación vixente coas peculiaridades establecidas nos presentes estatutos”

2º) Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de

anuncios no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularsen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

4º.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE CENLLE NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DOS GASTOS DERIVADOS DE EXECUCIÓNS FORZOSAS DOS ARTIGOS 99 E 100 DA LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa.

Non se producen intervencións e por unanimidade (incluído o voto por correo do deputado don Pablo Pérez Pérez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Cenlle a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 18 de decembro de 219, para a recadación executiva dos gastos derivados de execucións forzosas dos artigo 99 e 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Cenlle, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o

debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

- d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020 MEDIANTE A CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO N.º 1/2020.-

A Sra. interventora explica o contido do expediente.

A continuación, prodúcense as intervencións dos portavoces dos grupos, co seguinte resumo:

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que unha vez máis non investimos todo o necesario na estación de montaña de Manzaneda (332.770,98 €), e lembra que no debate do estado da provincia, en novembro de 2019, o seu grupo presentou unha proposta para esta estación de montaña, á que dá lectura, e que contemplaba a reestruturación íntegra da estación a través dun plan de viabilidade, proposta que foi votada en contra por PP e DO, sabendo que tras o importante investimento que supuxeron os canóns de innivación, a tempada foi un desastre, o que non é responsabilidade do grupo de goberno, senón que é causado polo cambio climático, dado que o sistema de innivación, para ser eficaz, esixe que a temperatura sexa inferior a 3 ° baixo cero e a humidade próxima ao 100 %, o que sucede poucas veces ao ano, e se non se dan estas condicións a maquinaria non funciona. Anuncia o seu voto a favor, porque entende que este préstamo é necesario para garantir o funcionamento da estación, pero prega ao goberno

provincial que teña en conta a necesidade de cambiar a estratexia de xestión da estación de montaña.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego di que é evidente que hai que darlle unha volta á xestión da estación, porque – e aínda que están pendentes dun informe sobre as achegas feitas nestes anos – en todo caso investíronse 4,6 millóns de euros nuns canóns de innivación que non funcionan, e o ano pasado foron máis de 300.000 euros nun préstamo participativo e este ano veñen 333.000 euros máis; di que no expediente non foi quen de ver a previsión do tipo de xuro do préstamo, que mesmo podería ser variable en función dos resultados da sociedade, e entende que non se pon tipo de xuro porque xa se da por feito que non vai haber devolución deses cartos, pero en todo caso cre que debería poñerse. Cre que dado que MEISA é propiedade das administracións públicas, debería ser unha empresa pública con persoal baixo a nosa dirección directa, xa que co sistema actual somos unha sorte de *pagafantas*, por así dicilo. Comenta que consultou a cualificación da estación polos usuarios na web de Booking.com, e a verdade é que a cualificación é máis ben baixa, un 6,5, e iso é responsabilidade de quen xestiona a estación, pero as administracións temos que esixirlle a quen xestiona que o faga ben, porque para iso pagamos; pero é que esa cualificación está distorsionada pola puntuación da ubicación, que é dun 8,2, porque a ubicación é espectacular, e se se prescinde desa cualificación, a nota dos usuarios para a calidade – prezo é dun 5,4, o que é unha cualificación moi baixa. E logo estamos a inxectar diñeiro público sen límite, un ano tras outro, e pregúntase quen é o responsable de que isto languidez sen poñer remedio, e o que non pode ser é que se estean a inxectar cartos nun pozo sen fondo sen que por outra banda se vexan os beneficios no benestar dos veciños da zona, máis aló dos traballadores da estación. Polo exposto, non pode estar a favor desta modificación de crédito, porque ata o de agora a xestión da estación ten sido un fracaso.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana entende que hai dúas cuestións que diferenciar: a primeira, a finalidade do préstamo, que é, segundo informe da Intervención, dotar a MEISA de financiamento para facer fronte aos gastos xerais do exercicio 2019, o que entende é unha necesidade imperiosa, porque hai que pagar nóminas e provedores, e neste senso o razoable é dar luz verde a esta modificación para que a empresa poida atender estas obrigas. Dito isto, é evidente que temos un problema con Manzaneda, un problema que cada vez vai a máis, porque cada ano temos menos días de neve, ben sexa polo cambio climático ou pola construción dun encoro que

modificou as condicións de temperatura e humidade da zona, o que fai que non funcionen correctamente os innivadores. Polo tanto, será necesario cambiar a estratexia na xestión, porque a estación non pode depender só do esquí, e haberá que modificar a oferta lúdica e deportiva da estación e probablemente tamén, como di o Sr. Varela, unha revisión do modelo de xestión, para o que sería preciso un debate, quizá non neste salón de plenos, senón un debate económico, técnico, sobre o modelo de xestión, certamente complexo, porque non podemos estar inxectando cartos todos os anos pero tampouco podemos perder algo tan importante para a provincia como esta estación de montaña. Polo exposto, apoiarán esta modificación de créditos, porque de non facelo se precipitaría a caída de Manzaneda, sen prexuízo de que quede sobre a mesa ese debate necesario no que haberá que procurar unha solución para manter Manzaneda en pé.

Don Aurentino Alonso Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo quere ceder a súa primeira quenda de intervención a dona Patricia Domínguez Barja, alcaldesa da Pobra de Trives, porque nestes momentos entende que os concellos de Trives e Manzaneda son os que mellor nos poden expoñer cal é a situación da estación, polo que solicita autorización da Presidencia para a cesión da quenda de intervención.

O **Sr. Presidente** di que sen ningún grupo se opón, non hai inconveniente.

Ningún grupo formula oposición ao respecto, polo que a Sra. Domínguez Barja accede a un escano da corporación e realiza unha intervención nos termos que se resumen a seguir:

Dona Patricia Domínguez Barja, alcaldesa de A Pobra de Trives, principia a súa intervención facendo unha lembranza da figura de Concepción Arenal, cuxo bicentenario ten lugar hoxe, grazas a cuxa obra, e á doutras mulleres, hoxe pode ela sentarse aquí e intervir neste salón de plenos. Entrando a falar da estación de Manzaneda, di que Ourense é unha provincia pobre e subdesenvolvida pola falla de ambición dun goberno provincial que o único que fai é presentarse nos medios de comunicación como abandeirado da loita contra o despoboamento nun xogo de pura cosmética e de hipocrisía. Di que lembra unha estación chea de xente, de ilusión e de vida e que agora esmorece, e que, ouvindo as intervencións que a precederon, semella que todo é culpa do cambio climático, pero Cabeza Grande de Manzaneda (porque ese é o seu nome, non OCA Nova Manzaneda, porque ata se consentiu que unha empresa usurpara o seu nome) si que ten futuro, con ou sen cambio climático, pero para iso é necesario apostar pola estación e non permitir o que leva acontecido todos estes anos, cunha nefasta política para a zona, para os seus negocios e para toda a provincia. Di que

se gastaron máis de 6 millóns de euros e se fixeron moitas promesas, todas incumpridas, pero non se fixo nin se está a facer un bo seguimento da xestión. Di que neste mesmo ano se teñen dado condicións favorables para proceder á innivación, e a empresa non o fixo, e engade que Meteogalicia ten traballadores suficientes para saber cando se van dar as condicións para a innivación, pero iso non interesa, e pon como exemplo que este ano tivemos una nevada no mes de novembro (novembro de 2019) pero os remotes estaban en Madrid (ironicamente comenta que é unha boa época para que viaxen os remotes) mentres a empresa concesionaria se dedicaba a sacar fotos da estación e colgalas na páxina web, páxina da empresa, porque nin iso se coída, e Manzaneda debería ter unha páxina de información propia, informativa e non desinformativa, e non estar aloxada na web dunha empresa á que só lle preocupa que se faga outra e outra operación financeira para cubrir o mes. Di que a día de hoxe os traballadores non cobraron a nómina, o que é preocupante, e máis co despilfarro que se está a levar a cabo, e da algún datos, como que en setembro de 2012 fíxose un ERTE aos traballadores da zona, pero a estación seguía igual, con traballadores extra, e di que quere saber cal é o salario dos xestores da estación, porque sae da caixa de MEISA, que sae dos cartos de todos, e se se está a pagar un vehículo para a dirección, ou que se sabe das dietas da dirección, ou se os ingresos en caixa da estación se corresponden cos ingresos na entidade bancaria, ou se alguén controla isto, por que non se controlan as mercadorías, por que, na situación na que está a estación, se leva alí una orquestra, a Panorama entre outras, cun caché de máis de 18.000 euros no verán e se mercaron litros de cervexa que logo non se consumiron porque non había xente dabondo, ou quen controla o consumo enerxético da estación, e por que o consumo da piscina e do spa se multiplicou, segundo lle informaron traballadores da empresa, por dez, ou por que se externalizou o servizo de lavandería e se isto ten relación coa empresa OCA, ou que empresas fixeron as obras en MEISA, e se é certo que as portas dos apartamentos cobráronse a 5.000 euros cada unha e se o alumeado da recepción e das dúas oficinas custou 35.000 euros, e se isto é certo, por que se merca a prezos superiores aos de mercado, ou por que o programa de actividades leva estancando máis de corenta anos, case tantos como os que ten a estación, e non segue porque podería continuar formulando este tipo de preguntas. Pregúntase se é que se queren agochar aos alcaldes de Manzaneda e Pobra de Trives as respostas a estas preguntas, porque cando estas cousas suceden é porque o órgano de supervisión e control, é dicir, o Consello de Administración de MEISA do que se está a afastar aos alcaldes, o consinte, e explica que o Consello de Administración o integran a Deputación e a Xunta de Galicia e

agora se ven de afastar aos alcaldes de Trives e Manzaneda para introducir neste Consello a un deputado provincial e a un señor da Xunta de Galicia, co que o Sr. Baltar, en connivencia co Sr. Feijóo, están a impedir que os alcaldes teñan coñecemento do desleixo na xestión da estación que se está a consentir, e que evidencia a política de favores que se está a realizar. Di que este afastamento dos alcaldes se produce por dous razóns: unha, por discriminación ideolóxica, porque son alcaldes do PSOE, e dous, porque os alcaldes estaban a levar ao Consello as protestas polo que está a acontecer na estación. Pide que non se esqueza que os concellos son os propietarios dos terreos nos que se empraza a estación, e son os que achegan o capital humano e o territorio, e apolítica levada a cabo dende MEISA non se preocupou de reverter os beneficios da xestión nos seus pobos, porque as subministracións de comestibles ou material de obra non se mercan nos municipios nin se está a dar emprego a xente da zona, senón que se traen traballadores mesmo de fóra da provincia con retribucións substanciosas e que nin viven alí, nin mercan alí nin fan alí a súa vida, e tampouco saben do funcionamento dunha estación de esquí nin de montaña. Dille ao Sr. Baltar que non teñen vergoña, porque o día 26 de decembro, nunha entrevista no diario *La Región*, anunciaba o cambio de xestión na estación, cando nin sequera se tiña votado aínda, e aínda non se votou, porque como teñen a Xunta e a Deputación a maioría no Consello e na Xunta Xeral de MEISA, xa nin esperou a escoitar a opinión dos alcaldes, porque xa tiña entón a decisión tomada. Di que na última reunión da Xunta Xeral de MEISA aos alcaldes non se lles deu a opción de votar ningún punto da orde do día, e a Deputación e a Xunta impuxeron a súa decisión de afastar aos alcaldes do Consello, cando se están a manexar cartos públicos – tamén dos concellos – cun total descontrol, e engade que o propio PP no Concello da Poba de Trives votou o pasado luns a favor dunha moción, proposta polo Grupo Socialista, pola que se require a MEISA para que revogue os acordos de nomeamento dos novos conselleiros e se repoña no Consello aos alcaldes de Trives e Manzaneda. Engade que o compromiso coa estación non se pode reducir a anuncios na prensa, e que por iso o concello aprobou outra moción para requirir á Deputación para que proceda ao pintado da estrada de acceso á estación, que é de titularidade provincial, e que remate coas obras, que levan anos sen rematar, nunha estrada que semella máis propia do século XVII que do tempo no que nos atopamos. Di que a xestión privada fai o que lle permite a administración pública, e a administración pública fai o que permiten os cidadáns, e fai ben pouco, nas eleccións municipais, o PP levou un aviso, porque a xente está cansa das súas políticas, e están a tempo de mudar e de facer políticas decentes. Esixe, en

nome dos veciños de Trives, que o Sr. Presidente reconsidere as súas imposicións no que atinxe ao nomeamento dos conselleiros de MEISA, e que faga desa sociedade unha xestión transparente, cun control e unha xestión propia dunha democracia e non do escurantismo. Pide tamén que se arranxe a estrada de acceso a Cabeza de Manzaneda, porque é perigosa no seu estado actual e se trata dunha estrada provincial, e que se eleven a cabo políticas transparentes que revertan economicamente nos pobos de Trives e Manzaneda, e estas esixencias se fundamenta en que MEISA débelle cartos ás administracións, tamén aos concellos, porque ningún dos préstamos foi devolto, e non poden esquecer que os terreos nos que se asent a estación non son seus, son dos pobos de Manzaneda e Trives.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular di que non vai entrar en debate coa señora alcaldesa da Pobra de Trives, e lembra que nalgunha xunta de portavoces falouse de que había que darlle unha volta ao Regulamento Orgánico desta casa e cada vez ten máis claro que así debe ser. En todo caso, di que se formularon acusacións moi graves, e espera que teñan fundamento, e se é así se corrixirán, pero ao respecto dos nomeamentos dos conselleiros de MEISA di que ten a acta da Xunta Xeral de 14 de xaneiro de 2020, redactada pola secretaria, na que se di que non se formulou oposición á proposta dos nomeamentos. Polo demais, di que se cinguirá á orde do día, porque é o que debe facer. Di que o obxecto da proposta é dotar unha partida orzamentaria, financiada co remanente de tesourería do exercicio 2019, para afrontar o préstamo a MEISA, préstamo que a sociedade acordou solicitar na Xunta Xeral de 17 de outubro de 2019 para facer fronte ás súas necesidades urxentes de tesourería. Di que a Deputación asume a necesidade de facer fronte a este préstamo participativo por responsabilidade, ao ser membro da sociedade e co fin de garantir a viabilidade da estación de montaña. Lembra que a distribución das participacións societarias é Xunta de Galicia, 49,88 %, Deputación 49,37 %, Hotelalia 0,41 %, Concello de Manzaneda 0,14 % e Concello da Pobra de Trives 0,14 %, e se non realizamos este préstamo as consecuencias serían peores, posto que se poría en perigo unha actividade que ten un gran peso na comarca, nomeadamente nos municipios de Trives e Manzaneda, pois son moitos os negocios e postos de traballo que dependen, en parte, desta estación de montaña. Sen prexuízo disto, si que entende as mensaxes da oposición e doutros colectivos en canto a que hai que acadar a viabilidade da estación, tendo en conta que nos enfrontamos a factores contra os que non podemos loitar por nós mesmos, como o cambio climático que se está a evidenciar en

xeral, e en particular nesta provincia pola falla de neve. Polo exposto, e por responsabilidade, solicita o apoio do pleno para a adopción do acordo proposto.

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que hai un asunto que ía tratar no punto de rogos e preguntas, pero a alcaldesa de Trives xa o sacou á luz na súa intervención, e é que non entende como é posible que a estas alturas se poida expulsar a alguén do seu territorio, e di que o PP comete un erro máis nese senso. Di que non se precisan asesores nin especialistas para ver o que está a ocorrer na comarca de Trives, e é certo que o cambio climático non é responsabilidade do goberno provincial, pero si é responsabilidade do goberno anticiparse ás súas consecuencias e ver o que está pasando. Espera que as palabras do portavoz do PP en canto a que se hai que corrixir cousas se corrixirán sexan reais, porque rectificar é de sabios, e concorda co voceiro de DO en canto a que este tema hai que debatelo con técnicos e empresarios, pero tamén cos alcaldes da zona. Reitera o seu voto a favor, por responsabilidade e para que os empregados poidan cobrar as súas nóminas, pero agarda que se busquen solucións a esta situación.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego cre que a intervención da alcaldesa foi moi clara, e é evidente que ten datos de primeira man. Esqueceu na súa primeira intervención comentar, en efecto, o incompreensible de que se expulse do Consello de Administración desta sociedade aos alcaldes de Manzaneda e Trives, e en todo caso a información que achegou a alcaldesa debería facer que o goberno provincial, como parte fundamental do Consello de Administración, tomara medidas e esixira responsabilidades, porque se dixeron cousas cando menos chocantes nunha empresa na que boa parte do financiamento procede de préstamos das administracións ou de programas como o EsquiOu, que non deixa de pagar a administración, e sen discutir as bondades dese programa, non deixan de ser cartos públicos que van a ese pozo sen fondo, e polo tanto é evidente que hai que darlle unha pensada a isto, porque efectivamente, o cambio climático está aí, pero non é algo deste ano, ven de anos atrás, e é algo que cando menos tería que ser obxecto dunha pensada antes de facer un investimento de 4,6 millóns de euros nos canóns, porque o encoro xa estaba aí e as condicións climáticas destes anos xa indicaban o camiño, e ao mellor eses 4,6 millóns se podían ter invertido con maior efectividade en Manzaneda, pero noutras actuacións. Agarda que á volta dun ano non haxa que atoparse de novo con unha gasto como o que se vai aprobar hoxe, que é tanto como enviar uns fondos públicos a ningures.

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista cre que pouco hai que dicir despois do manifestado pola alcaldesa de Pobra de Trives, pero quere facer algún apunte máis, porque tras corenta anos de historia decatámonos de que o futuro de Manzaneda non está só na neve, hai máis cousas e isto había tempo que se sabía, e para redefinir ese futuro os concellos de Trives e Manzaneda teñen moito que dicir e que opinar, e ademais a estación tamén afecta ás comarcas lindeiras, Terra de Caldelas, Viana e Valdeorras, que tamén se benefician da súa actividade. Di que o voceiro do PP recoñeceu que na Xunta Xeral nomeáronse dous concelleiros do PP, o que non dixo é que para nomear a eses dous houbo que quitar a dous do PSOE, e os representantes dos cidadáns son os alcaldes e o PP acaba de botar do Consello de Administración aos dous alcaldes dos concellos nos que se asenta a estación, e eses concellos teñen o 0,28 % do capital pero o 100 % do territorio que ocupa a estación. Dilles que están no seu dereito, pero que non se equivoquen, porque isto non é unha empresa do IBEX 35, porque estase a falar de algo máis, do futuro de toda unha comarca, e pregúntase se é que se botou aos alcaldes para poder decidir a porta pechada sen que eles estean presentes, e como pode haber tanta deslealdade institucional xustamente con este dous concellos. En todo caso, o seu grupo vaise abster.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular di que o cheiro electoral da está próximo, e nese senso hai que embarullar todo, e vai seguir falando do asunto da orde do día, e reitera que o seu grupo comprende a necesidade de traballar para procurar a viabilidade da estación de Manzaneda, e cre que os esforzos ao respecto da Deputación están fóra de toda dúbida, comezando pola decisión do noso presidente de regresar ao accionariado de MEISA no ano 2015. Di que o proxecto de innivación, que tanto se critica, é hoxe unha realidade con 29 canóns de neve artificial, e o programa EsquiOu que achega a preto de 900 rapaces á práctica de esquí, cun enorme éxito de participación, son dous exemplos máis do compromiso da Deputación coa dinamización da economía da comarca e, por extensión, da provincia. Di que a Xunta Xeral de MEISA acordou hai día iniciar unha nova etapa na xestión do complexo de Manzaneda, e na vindeira reunión do Consello, prevista para febreiro, sacarase a concurso a xestión e explotación das instalacións, mediante un concurso aberto que permitirá atopar un novo operador que ofrezca novas alternativas para desestacionalizar no posible o funcionamento destas instalacións, e agarda que, como anunciou o Sr. Presidente, o novo concurso marcará un antes e un despois na historia da estación, que debe converterse nun complexo de montaña con actividade e atractivo durante todo o ano. Di que a

composición do Consello de Administración é a que é, e ata a data a Xunta e Deputación, con tres representantes cada unha, cedían un posto para os alcaldes, pero decidiuse que estivese presente o secretario xeral de Deporte, precisamente para darlle pulo á estación como instalación deportiva, e un alcalde da zona e deputado provincial, o alcalde da Teixeira, e iso é todo, e négase a entrar a debater as dúbidas que se sembraron aquí ao respecto, insistindo en que na Xunta Xeral ninguén dixo nada en contra; en todo caso, os concellos seguen representados na Xunta Xeral, onde terán acceso á información e poderán intervir, ademais de poder facelo a través dos seus grupos políticos na Deputación e no Parlamento de Galicia. Dirixíndose ao Sr. Varela López, dille que si constan os xuros do préstamo, no caso de que haxa beneficios ata 500.000 euros, será o euríbor máis un punto.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervención e co voto favorable do Grupo Popular (incluído o voto por correo do deputado don Pablo Pérez Pérez, 12), de Democracia Ourenzana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente n.º 1/2020, co seguinte detalle:

Créditos extraordinarios. Gastos de investimentos:

Aplicación	Expresión	Importe
433.00/831.00	Desenvolvemento empresarial. Préstamo a longo prazo	332.770,98 €

Recursos utilizados:

Remanente de Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	332.770,98 €
--	--------------

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2020.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa.

A continuación, prodúcese as intervencións dos portavoces dos grupos, co seguinte resumo:

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía efectúa en primeiro lugar unha réplica ao manifestado polo portavoz do Grupo Popular no punto anterior da orde do día, no senso de que lle parece ben que o secretario xeral para o Deporte e o alcalde da Teixeira estean no Consello de MEISA, pero se se pode se quere, e di que excluír aos alcaldes de Manzaneda e Trives non é exactamente o mesmo, pero sería semellante ao que suporía que a Deputación excluíse ao alcalde de Muíños de calquera decisión sobre a xestión do complexo deportivo municipal do Corgo co argumento de que foi financiado con centos de miles de euros pola Deputación. No que atinxe ao Plan Provincial, anuncia o seu voto a favor, porque sería irresponsable votar en contra, pero prega que se faga un esforzo para que o reparto sexa máis xusto e equitativo e sobre todo para que se incrementen os fondos que se destinan ao Plan Provincial.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, di que onte tivo unha reunión de coordinación con alcaldes e deputados doutras provincias e ao final, os que ían de Ourense case teñen que ir directamente ao psicólogo, porque na Deputación da Coruña o quen alí chaman Plan Concellos, que sería o equivalente, son un total de 120 millóns de euros, unha cifra superior ao propio plan de cooperación da Xunta, e só na provincia da Coruña, e de feito o vicepresidente da Deputación da Coruña dicía que o maior problema que tiñan era que moitos concellos, moitos deles do PP, non conseguían executar ese gasto, problema que dende logo en Ourense non temos. Di que estamos a falar do único

importe que esta Deputación asegura aos seus concellos, cando esta é a súa competencia básica, e só representa o 7 % do noso orzamento, que se se ten en conta o remanente que quedará do ano anterior se reducirá ao 5 %, é dicir, só se reparte as migallas, e nin sequera de xeito equitativo, porque non se teñen en conta factores como a superficie, o número de núcleos ou a poboación, porque a cantidade que reciben todos os concellos será sempre a mesma, e negade que o BNG aspira a que esa contía sexa moita máis que os 48.000 euros, porque esa cifra é un insulto incluso para o concello máis pequeno da provincia de Ourense. E o máis discriminatorio é que nunha única modificación orzamentaria, alá polo mes de setembro, se repartiran 7 millóns de euros co único criterio da vontade do seu presidente, mentres todo o plan 2020 se queda en 4,8 millóns de euros aproximadamente. Lembra que isto se tratou nun pleno extraordinario, no que os socios do goberno de DO recoñeceron que había que darlle unha volta a todo isto, aínda que entón non era o momento, e estamos no ano seguinte e nada mudou, e espera que se lle dea unha volta a isto, porque nun ou dos meses seguro que virá unha modificación orzamentaria e o criterio de reparto se teme que non variará respecto da modificación anterior, e seremos a única provincia de Galicia que permaneza nesta situación de discriminación cara aos seus concellos, cunha política que consiste en darlle a uns e deixar aos outros sen nada.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana di que o que se está a materializar é o plan elaborado conforme ás bases aprobadas en decembro de 2019, e por tanto é o que hai, ou se aproba ou non se aproba, e polo tanto este punto da orde do día non ten máis percorrido, aínda que entende que cada vez que se toca esta materia xurda o que xa se empeza a coñecer como Plan Varela. Polo exposto, entende que non cabe outra posición política que o voto favorable.

Don Álvaro Vila Araújo, portavoz do Grupo Socialista, di que é certo o que di o Sr. Caride en canto a que o obxecto deste punto é a relación de obras do Plan, pero tamén o é que neste Plan hai unha dicotomía importante, porque dunha banda estanse a aprobar as propostas de obras formuladas de forma autónoma polos concellos, pero tamén estamos ante un plan ao que sistematicamente nos opoñemos porque vai en contra da autonomía económica deses concellos. Di que calquera neste salón de plenos se pode imaxinar canto se pode facer con 48.000 euros, ía dicir cantas obras pero mellor será dicir que obriña, Di que este Plan, con unha contía que impide calquera planificación aos concellos e que ademais lles impide licitar as obras é, cando menos, sintomático. Por outra banda, di que o plan complementario, con tres

millóns de euros, ten un único fin, que é a discrecionalidade na súa concesión. Lembra unhas recentes palabras do Sr. Presidente na xunta de goberno da FEM, onde dixo que un goberno ten que entender as necesidades dos veciños e das administracións locais, e que a cidadanía non merece unha merma de servizos e infraestruturas, e está de acordo con estas verbas do Sr. Presidente, e pide que por esa mesma razón se reformule ese plan, que dicía o Sr. Caride que non era o momento, e se pregunta cando vai ser o momento. Di que o seu grupo non vai impedir a aprobación deste plan, pero lembra de novo outras palabras do Presidente na xunta de goberno da FEMP: “basta xa de dilacións, é preciso máis consenso, altura de miras e sentido da provincia”.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular di que o plan non é máis que a concreción do previsto nas bases aprobadas no seu día, e que incluso se ampliou o prazo de formulación de solicitudes de inclusión para os concellos que andaban despistados, e se contempla a subvención para gasto corrente dos concellos en situación de insuficiencia financeira que, no exercicio da súa autonomía, optaron por esa vía, e polo tanto non hai máis que dicir. Dille a Sra. Lama que teña coidado co de que se se quere, se pode, non vaia ser que acabe dando o salto ao “*si se puede*”, e que o complexo do Corgo é resultado don esforzo colectivo de moita xente da Limia, e aquilo é deles e está aberto aos que os visitan, incluída á Sra. Lama. Dille ao Sr. Varela que non lle compare esta deputación coa da Coruña, porque o orzamento dese plan do que falou xa é maior que o orzamento total desta deputación, e prégalle, ao fío deste asunto, que agora que o BNG vai ter tanta influencia no goberno central, a ver se amañan o tema do financiamento local, porque el será o primeiro que lle aplauda.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que o salto o deu hai case un ano, e o PP perdeu a maioría absoluta.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, explica que ese plan da Deputación da Coruña son 120 millóns, pero supoñen máis do 50 % do orzamento total desa deputación, velaí a diferenza co plan de Ourense, que inflando as cifras vai ao 7 %, e ao mellor non é posible chegar a ese 50 %, pero un pouquiño máis do 7 %, seguro que se pode. Con respecto ao plan que propón, non lle chamen Plan Varela, chámennlle Plan Ourense ou Plan Concellos, pero por favor que o fagan, porque os veciños da provincia merecen un trato xusto. E dende logo, o BNG pedirá en Madrid esa reformulación o

financiamento local, entre outras cousas porque levan moitísimos anos pedíndoa, e o PP estivo no Goberno central e semella que agora todos os males do mundo os en que solucionar un único deputado do BNG en Madrid, cando os dez deputados que tivo o PP tendo maioría absoluta no goberno non foron quen de facelo. Incluso co tema do IVE, que se tratará seguramente a continuación, o Sr. Rueda interpelaba onte ao BNG que por que non pedía o BNG iso tamén, e certamente poden pedilo todo, pero o PP sabe, porque se leva tratando moitos anos na FEGAMP, que tódolos concellos galegos están discriminados porque levan cobrando, ano tras ano, 50 euros por habitante menos que a media do resto de concellos do Estado español, e eses 50 euros supoñen para esta provincia preto de 10 millóns de euros, e en torno aos 100 millóns de euros no conxunto de Galicia, e iso ano tras ano, e polo tanto está moi ben que reclamemos o IVE (porque ademais é noso, e o BNG leva tempo dicindo que se nós o recadásemos e logo lle deramos a súa parte a Estado non teríamos ese problema) pero o coherente sería que se reclamasen tamén eses 100 millóns anuais de euros, que tamén deberían ser nosos.

Don Álvaro Vila Araújo, portavoz do Grupo Socialista, agarda que dentro dun ano no haxa que reclamar de novo un plan provincial xusto e equitativo para a provincia, e relembra as palabras do Sr. Presidente: basta xa de dilacións, fai falla máis consenso, altura de miras e sentido de provincia.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Varela que hai que poñer as cousas no seu contexto, e que por exemplo a Deputación de Ourense presta servizos aos concellos que non presta nin A Coruña, nin Lugo nin Pontevedra, e as brigadas de obras prestan servizo a quen o solicita, e o servizo intermunicipal de recollida de RSU se presta a máis de 50 concellos, ou empresa Aquaourense que presta servizos no ciclo completo da auga, e hai que ter todo en conta. E con respecto á influencia do BNG en Madrid, di que por iso llo dixo, porque o PP non foi quen de conseguilo nestes anos, pero que teña coidado coas promesas do presidente do Goberno, porque o mesmo cambia de opinión no curso dun día.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (incluído o voto por correo do deputado don Pablo Pérez Pérez, 12), de Democracia Ourenzana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2020 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	4.294.500,00 €	634.760,00 €	4.929.260,00 €
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	144.000,00 €		144.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €
TOTAL	5.938.500,00 €	634.760,00 €	6.573.260,00 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	2.831.985,00 €	86.750,00 €	2.918.735,00 €
Rede Viaria Deputación	3.619.879,00 €		3.619.879,00 €

2º.- Somete-lo Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou

reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

7º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN CAMIÑO XERACIÓN NÓS”.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa.

A continuación, prodúcense as intervencións dos portavoces dos grupos, co seguinte resumo:

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía felicita á Deputación pola adhesión a esta asociación, cuxo obxectivo é poñer en valor o legado da xeración Nós en Ourense. Anuncia o seu voto a favor.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego replica ao dito polo portavoz popular no punto anterior dicindo que todos eses servizos que presta a Deputación de Ourense se cobran aos concellos, aínda que a Deputación asuma os gastos estruturais, polo que comprar isto co financiamento dos plans non é correcto. Anuncia o seu voto a favor da proposta de adhesión á asociación do camiño da xeración Nós, coa que concordan.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, di que esta iniciativa parte da lembranza da viaxe que fixeron no ano 1926 importantes persoeiros da xeración Nós, cuxo centenario se celebra este ano, unha viaxe a través de gran parte de Galicia que foi máis que unha viaxe, porque Vicente Risco tomou notas importantes sobre arquitectura, arqueoloxía e costumes, e as anécdotas da viaxe foron recollidas nun caderno de Risco que esta institución xa ten recuperado, e que serviu de base a Xavier Pardo, un dos camiñantes, para escribir unha serie de artigos en *A Nosa Terra* entre os anos 1926 e 1927, e todos eses elementos fan que esa ruta poida ser considerada un camiño cultural, no futuro probablemente unha variante do Camiño da Prata, e por iso esta iniciativa lles pareceu moi acaída para potenciar os recursos turísticos, naturais e culturais dos municipios polos que pasa a ruta, e de aí a adhesión da Deputación á asociación, á que está previsto que se adhiran outras

entidades, como as fundacións Otero Pedrayo, Vicente Risco, Losada Diéguez ou Insua dos Poetas. Di que os estatutos son similares aos doutras asociacións deste tipo.

Dona Susana Rodríguez Estévez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta o seu acordo coa adhesión da Deputación a esta asociación, dados os seus fins de posta en valor desta ruta que pasa por varios municipios de Ourense, o que é positivo, polo que votarán a favor.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, portavoz do Grupo Popular, ensalza esta iniciativa, secundada por des concellos, cinco de Ourense, tres de Pontevedra e dous da Coruña, á que se adhiren ademais diversas fundacións culturais e que responde a unha iniciativa do alcalde do Irixo, expresando a súa importancia para a posta en valor destes municipios, incluído o seu ámbito socioeconómico, así como da obra da xeración Nós e do galeguismo. Agradece o apoio do resto de grupos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade (incluído o voto por correo do deputado don Pablo Pérez Pérez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á **“ASOCIACIÓN CAMIÑO XERACIÓN NÓS”**.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos na Acta Fundacional da Asociación, asinada na data 21.12.2019, e aprobar de xeito expreso os Estatutos da citada Asociación, que se transcriben:

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN “CAMIÑO XERACIÓN NÓS”

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1.- Denominación e natureza

Coa denominación de “Asociación Camiño Xeración Nós” constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao abeiro do disposto no artigo 22 da Constitución

Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3.- Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social na Praza Calvo Sotelo, n.º 10, localidade do Irixo, CP 32530, teléfono 988 287 400, correo electrónico concello.irixo@yahoo.es, páxina web: <http://oirixo.sedelectronica.es>

Artigo 4.- Ámbito de actuación

O ámbito territorial no que a asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é: Ourense, Amoeiro, Maside, O Carballiño, O Irixo, Lalín, Silleda, Estrada, Vedra, Boqueixón.

Artigo 5.- Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6.- Fins

A asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes interesados en promover o desenvolvemento do Camiño Xeración Nós.

Son fins principais da asociación:

- a) A regulación e promoción do Camiño Xeración Nós.*
- b) Vertebrar e constituír un foro de debate continuo sobre as accións de conservación e promoción do camiño.*
- c) Sensibilizar ás administracións públicas, canalizando as demandas, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos da zona.*
- d) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao Camiño Xeración Nós.*
- e) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de desenvolvemento, conservación e promoción do camiño.*

- f) *Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona, especialmente os relacionados co paso do antigo camiño de peregrinación a Santiago de Compostela.*
- g) *Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento e promoción do camiño*
 - 1. *Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:*
 - a) *Organizar, promover, desenvolver e realizar todo tipo de iniciativas dirixidas á promoción e divulgación do camiño, así como ao seu coidado e mantemento.*
 - b) *Sensibilizar a todos os axentes sociais e económicos no referente ás accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento.*
 - c) *Solicitar ante calquera instancia e executar, se é o caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación.*
 - d) *Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias.*
 - e) *Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento.*
 - f) *Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.*
 - g) *Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecuenta coas anteriores.*

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II: DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7.- Requisitos

- 1.- Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa física ou xurídica e ter interese no desenvolvemento dos fins da asociación.*
- 2.- As persoas físicas deben ser maiores de idade ou menores emancipados con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito.*
- 3.- Os menores de máis de 14 anos non emancipados necesitan o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.*
- 4.- As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente, e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor.*

Artigo 8.- Clases de persoas asociadas

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados ou asociadas:

- a) *Fundadores ou fundadoras, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional e son os concellos de Ourense, Amoeiro, Maside, O Carballiño, O Irixo, Lalín, Silleda, Estrada, Vedra e Boqueixón.*
- b) *De número, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.*
- c) *De honra, aquelas persoas que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeados pola Asemblea Xeral.*

Artigo 9.- Perda da condición de persoa asociada

1. A condición de asociado ou asociada pérdese:

- a) *Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida á Secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.*
- b) *Por falta de pago de 3 cotas, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva ao interesado.
A persoa que perdese a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de seis meses desde a notificación aboase as cotas pendentes de pago.*
- c) *Por incumprimento destes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.*
- d) *Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.*

2. A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 10.- Dereitos

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) *Participar nas actividades da asociación.*
- b) *Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.*
- c) *Participar nas asembleas con voz e voto.*
- d) *Recibir información da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.*
- e) *Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.*
- f) *Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas, e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, se é o caso, impoña a sanción.*
- g) *Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei, ou ós estatutos.*

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pago das cotas sociais.

3. As persoas asociadas de honra non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto.

Artigo 11.- Obrigas

Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Cumprir estes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.*
- b) Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos se establezan.*
- c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas.*
- d) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.*

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12.- Organización da asociación

Os órganos de goberno e representación da asociación son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

Artigo 13.- Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 14.- Reunións: clases e convocatoria

1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A reunión ordinaria realizarase, como mínimo, unha vez no ano, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.

As reunións extraordinarias realizaranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou cando o soliciten, por escrito, o 10% das persoas asociadas.

2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, o día e a hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da realización da asemblea en primeira convocatoria, debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.

3. *A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día estará a disposición das persoas asociadas na Secretaría da asociación, cunha antelación mínima de quince días naturais á realización da asemblea.*

Artigo 15.- Constitución e quórum de convocatoria

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou representadas, na primeira convocatoria, ou, unha vez transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que exerzan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

Artigo 16.- Facultades da Asemblea Xeral Ordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.*
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.*
- c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.*
- d) Elixir e destituír as persoas integrantes da Xunta Directiva.*
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.*
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.*
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.*

Artigo 17.- Facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.*
- b) Acordar a transformación da asociación.*
- c) Acordar a fusión da asociación.*
- d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.*
- e) As que, sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.*
- f) Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.*

Artigo 18.- Adopción de acordos

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables, para estes efectos, os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da Xunta Directiva.
- b) Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas.
- c) Disolución da asociación.
- d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- e) Disposición ou alleamento de bens.
- f) Remuneración das persoas que integran os órganos de goberno e representación.

3. Os acordos adoptados conforme cos preceptos anteriores, obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso ás non asistentes.

Artigo 19.- A Xunta Directiva: composición

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por: presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a, tesoureiro/a, e vogais, designados pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

2. A duración do seu mandato será de catro (4) anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.

3. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificados en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

4. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función, por:

- a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico.
- c) Resolución xudicial.
- d) Renuncia voluntaria.
- e) Perda da condición de persoa asociada.
- f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso, e mentres non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación dos novos membros.

5. De producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán desempeñadas provisionalmente polos restantes membros, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

Artigo 20.- Reunións e acordos

- 1. A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.*
- 2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes a metade máis un dos seus membros, e, en todo caso, o presidente ou o secretario ou as persoas que os substitúan.*
- 3. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade do presidente.*

Artigo 21.- Facultades da Xunta Directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas.*
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.*
- c) Executar os acordos da asemblea.*
- d) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.*
- e) Convocar e fixar as datas das asembleas.*
- f) Proporlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.*
- g) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.*
- h) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.*
- i) Resolver as solicitudes de ingreso de asociados/as.*
- j) Proporlle o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral, para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.*
- k) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.*

Artigo 22.- Obrigas documentais

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada de asociados e asociadas.*
- b) Documentación contable que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.*
- c) Inventario dos seus bens.*
- d) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.*

Artigo 23.- Presidente/a

A persoa que desempeña a presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.*
- b) Convocar e presidir as sesións que realicen a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.*
- c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral.*
- d) Ordenar os pagos acordados validamente.*
- e) Asinar as actas, certificados, pagos e outros documentos da asociación, xunto coa persoa que desempeña a secretaría ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.*

Artigo 24.- Vicepresidente/a

A persoa que exerza a vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 25.- Secretario/a

1. A persoa que exerce a secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.*
 - b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.*
 - c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes.*
 - d) Expedir certificados dos acordos co visto e prace do/a presidente/a, así como emitir informes.*
 - e) Redactar o inventario de bens da asociación.*
 - f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.*
 - g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.*
- 2. A persoa que desempeña a secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola persoa que exerce a presidencia.*

Artigo 26.- Tesoureiro/a

1. A persoa que exerce o cargo de tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.*

- b) *Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e prace da presidencia.*
- c) *Dar cumprimento ás ordes de pago que expida a persoa que desempeña a presidencia.*
- d) *Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación.*
- e) *Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola asemblea.*
- f) *Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico-financeira da asociación.*

Artigo 27.- Vogais

Os demais membros da Xunta Directiva terán as obrigas propias do seu cargo, e aqueloutras que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28.- Patrimonio inicial

A asociación, no momento de iniciar as súas actividades, dispón dun patrimonio de 0 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

Artigo 29.- Recursos económicos

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) *As cotas periódicas das persoas asociadas.*
- b) *As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.*
- c) *As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.*
- d) *Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.*
- e) *Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.*

Artigo 30.- Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas

asociadas, durante un prazo non inferior a quince (15) días ao sinalado para a súa aprobación en asemblea.

2. A Xunta Directiva levará ós correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, ou resultado, e a situación financeira da asociación.

Artigo 31.- Destino de ingresos a fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 32.- Regulamento de réxime interno

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurídico civil.

CAPÍTULO VI: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 32.- Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado por maioría cualificada en Asemblea Xeral Extraordinaria.*
- b) Polas causas que se determinan no artigo 39 do Código Civil.*
- c) Por sentenza xudicial firme.*
- d) Polas demais causas que se determinen nestes estatutos.*

Artigo 33.- Liquidación

1. Unha vez acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.

2. Os membros da Xunta Directiva, no momento da disolución, convértense en liquidadores, salvo designación expresa de liquidadores pola Asemblea Xeral ou por autoridade competente.

3. *Correspóndelles aos liquidadores:*

- a) *Velar pola integridade do patrimonio da asociación.*
- b) *Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.*
- c) *Cobrar os créditos da asociación.*
- d) *Liquidar o patrimonio e pagarlles aos acredores.*
- e) *Destinar o haber resultante da liquidación para os fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.*
- f) *Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrados.*

4. *Coa solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro deberá acompañarse o xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.*

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nestes estatutos aplicaráselle á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais disposicións complementarias.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense na Asemblea Xeral da Asociación, ao deputado provincial Armando Ojea Bouzo, actuando como suplente deste, a tamén deputada provincial Ana Patricia Torres Madureira.

8º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA DE APOIO AOS ÓRGANOS CONSTITUCIONAIS E PARA INSTAR AO ACTUAL GOBERNO DE ESPAÑA A NON REALIZAR CONCESIÓN AOS GRUPOS INDEPENDENTISTAS.-

O Sr. presidente anuncia que, tal e como se tratou na xunta de portavoces, o debate deste punto será conxunto co do punto seguinte, aínda que se votarán por separado, e cédelle a palabra a Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía para que expoña o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía da lectura ao texto da moción, na que se critica o pacto político do PSOE cos partidos independentistas para a formación do Goberno, así como o que considera unha falla de respecto ao xefe do Estado por parte de EH – Bildu nas Cortes Xerais sen que a presidenta do Congreso chamase á orde aos representantes de EH – Bildu. Di que se están a poñer en cuestión alicerces institucionais da nosa convivencia democrática, como a figura de El Rei Felipe VI, o Poder Xudicial ou a Xunta Electoral Central, nun momento no que o presidente do Goberno concedeu aos separatistas a formación dunha mesa de diálogo entre España e

Cataluña como se fosen estados independentes. Por iso considera necesario manifestar o noso apoio aos órganos constitucionais e ao ordenamento xurídico, o que motiva a proposta de acordo que se contén na moción.

A continuación, prodúcense as intervencións dos portavoces do resto de grupos, co seguinte resumo:

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular anuncia o voto a favor desta moción, aínda que centrará a súa exposición na moción do punto seguinte, que é a que presenta o Grupo Popular. Di que presentaron a súa moción o pasado día 13, e que logo de ver o acontecido nestes días cre que se quedaron curtos no texto da moción, porque vimos de asistir a unha actuación carente de todo escrúpulo ético, na que mesmo se pon en solfa a independencia do Poder Xudicial e se anuncia unha reforma do Código Penal para pagar, suponse, a abstención de ERC na investidura do Sr. Sánchez e o seu apoio aos orzamentos de 2020. Critica os pactos con partidos independentistas e as accións políticas do presidente do Goberno, facendo especial mención á posibilidade dunha consulta popular ao respecto do futuro de Cataluña e á anunciada reforma do Código Penal, que considera un indulto encuberto aos políticos cataláns condenados pola xustiza. Pregúntase que se pode esperar dun Goberno cuxos socios defenden a autodeterminación de Catalauña, ou afirman que non hai democracia en España (caso de EH – Bildu) ou defenden modificar o ordenamento a conveniencia (caso do PNV). Polo exposto, propoñen a adopción dos acordos que figuran na parte dispositiva da moción.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego cre que a legalidade establecida non debe ser algo inmutable, e a súa reforma non se debería criminalizar se se fai pola vía do diálogo. Di que a maioría dos aquí presentes non votamos a Constitución de 1978, e que lle gustaría poder opinar agora ao respecto, máxime cando en Galicia xa daquela acadou menos do 50 % do apoio. Gaba o apoio do deputado do BNG á investidura do presidente, dicindo que con este acordo se colocará a axenda galega na política do Estado, o que ao seu entender demostra a utilidade social do nacionalismo para Galicia, un acordo que deixa en evidencia ao PP de Feijóo, porque o BNG conseguiu nun mes o que o PP non foi quen de acadar en dez anos de goberno. Cualifica de apocalípticas as mocións de PP e C's, cando o único que pasou e que se elixiu democraticamente ao presidente de Goberno

conforme á Constitución vixente. Di que C's tivo oportunidade de colaborar na formación dun goberno pero a desaproveitou, e que o BNG actuou con responsabilidade na procura da gobernabilidade do Estado, e por iso acadaron o acordo de investidura, que garante que Galicia non sexa menos que Cataluña e Euskadi, a transferencia da AP 9 con redución das peaxes, modernización da rede viaria, electrificación do tren Lugo – Ourense, facer as transferencias competenciais pendentes, a rebaixa da factura electrointensiva nas industrias, a recuperación dos asteleiros, creación de novos xulgados de violencia de xénero, eliminación da dobre tributación a emigrantes retornados, achega do 50 % restante de financiamento da Lei da Dependencia... Di que é profundamente republicano, e non entende que unha Constitución democrática declare xefe do Estado a unha persoa porque foi fillo dunha raíña, e entende que os discrepantes con isto poidan manifestarse para reformar isto. Di que se o pacto do goberno do Estado é rechamante, o de PP e DO en Ourense o é máis aínda. Pregúntase que é o que lles molesta da proposta do PNV de negociar un acordo que desemboque nunha reforma do ordenamento referendada pola cidadanía. Reafirma o compromiso do BNG cos intereses de Galicia e dos cidadáns, en tanto que o PP defende intereses de partido, e dilles que non conten con eles nestas mocións, porque teñen traballo tentando defender o que Feijóo deixou pisar.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana di que dado o forte contido ideolóxico destas mocións, DO non vai participar neste debate.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que lle resulta increíble que se presenten mocións como estas, que o que dan é unha oportunidade ao seu grupo para poñer en evidencia aos que as propoñen, e di que se estivese aquí o Sr. Pérez Jácome habería que oír o que dicía o respecto. Di que algún dos puntos que se propoñen aprobar son simplemente repugnantes, como pedir que se acate a legalidade e a democracia cando o PSOE en 140 anos de historia sempre defendeu a democracia e as liberdades cando non existían, e cando o propio PP non votou a Constitución que agora abandeira, e pregúntase se é que con esta moción se pretende por en dúbida que os deputados do Grupo Socialista acaten a Constitución e as leis, porque só faltaría. Acusa aos grupos propoñentes das mocións de electoralismo, demagogia e de mentir demonizando ao presidente Pedro Sánchez como antes demonizaron a Rodríguez Zapatero. Ironiza con que este debate é tan importante para esta provincia que seguramente mañá os medios os recollan con todo tipo de detalles, e

engade no mesmo ton irónico que é tan importante como o estado lamentable das estradas da provincia, cando hai veciños como os de San Vicente de Leira que non poden entrar nas súas casas polo mal estado da estrada, ou como o desmantelamento da sanidade pública na provincia, ou como que a Deputación lle negue o pan e o sal aos concellos que non son afíns a Baltar, ou como o despilfarro ou o uso de contratos a dedo, e cando todo isto sucede se ven aquí a falar do acordos entre distintas forzas políticas para formar o Goberno da Nación. Lembra os acordos do Majestic acadados no seu día por Aznar con CiU, que implicaron importantes concesións ao nacionalismo catalán en aspectos fiscais e outros, e pregúntase por que se critica agora o pacto do PSOE cos nacionalistas. Di que moitos problemas quizá non existirían se o PP non tivese recorrido no seu día o Estatut catalán, e en todo caso di que os problemas de convivencia se resolven dialogando, e engade que non hai ningún problema ao respecto no que propón o presidente do Goberno, que o problema o está inventando o PP e C's, e é evidente que existe un conflito político e social en Cataluña, e iso se ten que arranxar co diálogo, non botando gasolina ao lume. Enumera os logros do actual Goberno en dúas semanas, como a subida do 0,9 % nas pensións que beneficiou a 10 millóns de persoas, a subida do soldo dos empregados pública a 2,5 millóns de persoas ou a subida do SMI a 950 euros, que cando entrou Pedro Sánchez de presidente estaba en 736 euros, é dicir, 214 euros en ano e medio, cando en sete anos Rajoy só o subiu de 641 a 736 euros, e este tipo de cousas son as que interesan á xente, e todo isto logrouno o Goberno mediante o diálogo cos sindicatos e coa patronal, e o feito de que os empresarios apoiasen isto revela que a visión apocalíptica do PP é falsa. Rexeita as acusacións de populismo de PP e C's, e pregúntase a que chaman populismo, e se con iso se refiren a Vox, un partido no que o PP se apoia e que ataca aos homosexuais, aos inmigrantes, aos científicos e ata os galeguistas. Pide por último que non se utilice politicamente ás vítimas do terrorismo como se está a facer, porque ás vítimas hai que honralas, non utilízalas, e di que o PP fai iso constantemente e iso moléstalle, porque ademais é moi bonito vir aquí agora e falar de Bildu, pero hai algún anos non era tan doado e algúns as dicíamos. Lembra que é preferible debater coa palabra e cos votos nos parlamentos antes que facelo coas pistolas, e polo tanto, menos demagogia, e máis estar nos problemas da provincia.

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía dille ao Sr. Gómez Pérez que facer demagogia é precisamente o que acaba de facer el. Di que existen unhas mocións tipo que teñen todos os partidos constitucionalistas no

noso país e é como unha obriga traelas ás institucións, e o propio PSOE has ten traído, e engade que C's só ten dereito a traer unha moción por pleno, e por desgraza só puido traer esta e non puido traer outra máis sobre os problemas da provincia. Di que comparte esta moción porque defende a unidade do Estado español e se sente española falando galego e galega falando español, e di que en efecto en Cataluña hai un problema de base que deriva das concesións que se fixeron ao longo dos anos, e o adoutramento é evidente, pero iso é o que queren facer dende o PSOE xunto co matrimonio que vive nun chalet de luxo en Galapagar. Di que con esta moción vense falar do problema de España, non dun problema da provincia, e sería máis acaído tratalo no parlamento, pero é que ela tamén é española e lle preocupa que o PSOE pacte con EH Bildu, e pregúntase se o Sr. Gómez Pérez sabe quen lidera ese partido, e non pode entender que o PSOE vaia da man dun partido que di que lle importa un comino a gobernabilidade de España e que representa aos asasinados de centos de homes, mulleres e nenos do noso país, e di que ela non fai política co terrorismo, o que sucede é que o PSOE pacta co que representa o terrorismo en España, e iso si que é lamentable. Doutra banda, cre que os partidos nacionais cometeron erros, empezando por C's e seguindo polo PP, porque se tería que ter formado un goberno con Pedro Sánchez – ao ser a forza maioritaria – pero con outros apoios. Pode estar de acordo co portavoz do BNG en que ao mellor hai que mudar a Constitución nalgúns aspectos, pero iso hai que estudalo con moita calma, porque é o eixo fundamental da convivencia, e en todo caso agarda que o deputado do BNG en Madrid consiga moitas cousas para Galicia, porque é necesario. Di que o acordo do PSOE cos partidos independentistas é legal, loxicamente, pero o que non é e un acordo moral.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular dille ao Sr. Gómez Pérez que non empregue palabras como “repugnantes” para referirse aos acordos propostos, porque non queda ben. Con respecto á subida do 0,9 % das pensións, di que por desgraza iso supón nas pensións de aquí 6 o 7 euros ao mes, e con respecto á subida aos funcionarios, pídelles que lembre que iso foi negociado cando gobernaba Rajoy e o maligno de Montoro, cos orzamentos do Estado de 2018 que eran horribles e o PSOE segue gobernando con eles e dálle que van seguir con eles, mire que malos eran. Di que está de acordo coa subida do SMI, pero máis pronto que tarde falaremos dese tema, e en canto a negarse a pagar o que é de todos – en referencia ao IVE – di que é preocupante e hai que dicilo alto e claro, aínda que o Sr. Rodríguez Villarino dixera hai uns días que non lle preocupaba o máis mínimo ese asunto. E falando de populismo, dille ao Sr. Gómez Pérez que non cambie o punto de mira, porque

populismo haino dun lado e doutro, e habería moito que falar dese tema. Di que esta é unha moción política, e que non nega a lexitimidade do pacto de goberno entre PSOE e Podemos , pero coa mesma lexitimidade con que eles poden subscribir ese pacto, o PP pode criticalo, e neste senso o preocupante e a falla de credibilidade dun presidente de Goberno que cambia de opinión dun día para outro, chegando a pactar con aquel que non o deixaba durmir, e cre que incluso o PSOE está preocupado por esa falla de credibilidade, outra cousa é que non o digan. Dirixíndose a Sr. Varela, dille que non exclúa outras alternativas de goberno, porque PP e C's ofrecéronse ao PSOE nese sentido, entón había máis alternativas, e lembra que Pablo Casado ofreceu a Pedro Sánchez ata once pactos de Estado, e a resposta foi “non é non”, e 48 horas despois vimos a foto de Sánchez co que non o deixaba durmir, e por riba aínda hai que escoitar que o PP quixo bloquear a gobernabilidade do país, e iso é non ter vergoña, porque a realidade é que se quería un determinado goberno e a alternativa se desbotou, e así se ve no tema do IVE, que se resume no chantaxe de que se vostede quere o que é seu ten que votar o que digo eu. Con respecto á proposta do PNV, é certo que fala de consulta á cidadanía, pero, ¿que cidadanía?, ¿a vasca ou a de todo o Estado español?. Engade que o BNG en Madrid acadou un compromiso de que Galicia teña o mesmo estatus que Cataluña e o País Vasco, o que é como recoñecer que o PSOE vai tentar modifica ese estatus, e comenta que mentres conseguen o compromiso da transferencia da AP – 9, que xa se verá se se cumpre porque o presidente do goberno mente bastante, obvian reclamar algo que é noso como o IVE, e ata vinte e cinco asuntos urxentes e prioritarios que a Xunta de Galicia ten na súa axenda aos que ese compromiso do BNG non dá resposta, como a chegada do AVE, o corredor atlántico, unha tarifa eléctrica que permita a continuidade de Alcoa ou a carga de traballo para os asteleiros. Dille ao Sr. Gómez Pérez que o que hoxe ten un papel difícil é el, con tanta incoherencia e mentira, e o convida a que se retarte dicindo se comparte as mentiras do Sr. Sánchez, ao que non lle importa enganar aos cidadáns, e cita ao respecto unha serie de declaracións nos medios do Sr. Sánchez nas que se criticaba aos partidos independentistas e a Podemos, e se dicía que non se ía poñer en risco a unidade e gobernabilidade de España e que non podería durmir tranquilo con Podemos no goberno, co que logo pactou o 12 de novembro. Pregúntalle ao Sr. Gómez Pérez se apoia unha coalición de goberno no que un dos socios, Unidas Podemos, dicía en redes sociais non hai moito que garantirían que a fiscalía xeral do Estado fose elixida polos cidadáns e non polo presidente do Goberno, ou se está de acordo coas afirmacións do Sr. Sánchez nas que afirmaba de forma inequívoca que nunca

pactaría con Podemos, ou se apoiarán que a Deputación inste ao Goberno a darlle á provincia de Ourense o mesmo trato que a Cataluña e País Vasco, como naqueles falidos orzamentos de 2019 no que se quitaba diñeiro a Galicia para darllo a esas comunidades, ou como se pode afirmar o que dixo o Sr. Rodríguez Villarino sobre os 370 millóns de euros do IVE e do cumprimento da regra de gasto, que a ese tema non lle prestaba maior atención.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que o seu grupo non ten problema ningún en falar de política, xa que este non deixa de ser un órgano político, e hai que reivindicar a política como fórmula de mellorar o día a día da poboación. Di que ao PP semella preocuparlle que o Goberno tente reformar a lexislación ou nomear unha fiscal xeral do estado politicamente marcada, pero non lles preocupaba cando don Ignacio Cosidó, senador do PP e número dous do Ministerio d Interior no seu día, falaba do control absoluto do Consello Xeral do Poder Xudicial e de salas concretas do Tribunal Supremo con nomes e apleidos, e a verdade é que en efecto a independencia do Poder Xudicial en España é un tema preocupante e o PP é o maior expoñente do problema, como ben wassapeaba o Sr. Cosidó hai pouco máis dun ano. Cre que Pablo Casado non estaba moito pola labor dun pacto co PSOE, pero ese é un problema de PP e PSOE no que o BNG non entra, o mesmo que cre que hai bastantes diferencias no seo do PP en canto ás políticas do Sr. Casado, pero ese é un problema interno do PP. Con respecto á débeda dos 370 millóns de euros di que o que ten que facer a Xunta é reclamala xudicialmente, e que xa tarda en facelo, porque ese cartos veñen de 2018, e lembra que o problema ven dunha lei que impulsou Montoro e que o tema ten unha solución doada, que é que a Axencia Tributaria Galega recade os nosos impostos e sexamos nos os que paguemos a Madrid os gastos comúns, como sucede en Euskadi e Navarra, onde ese problema non se da. Di que o pacto de investidura que asinou o BNG inclúe temas como o da factura eléctrica ou os asteleiros, e subliña que es pacto só é de investidura, o que lle da marxe ao BNG para poder seguir negociando outras actuacións. Reafirma o compromiso do BNG cos intereses da cidadanía galega, que seguirán a defender, incluído o asunto dos 370 millóns, e lémbrale o problema de sub – financiamento dos concellos galegos ao que aludiu na súa anterior intervención, que supón 100 millóns de euros menos ao ano, 1.000 millóns no período no que gobernou Rajoy, e que o PP de G non reclamou en ningún momento.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que irá por partes, porque a réplica inda foi peor que a exposición de motivos. Dille á Sra. Lama que o que dixo sobre que esta era unha moción tipo e como só pode presentar unha moción por

Pleno tivo que traela no canto de traer unha moción referida a problemas específicos da provincia é demagóxica, porque o Grupo Socialista decide que mocións son prioritarias e cales non, e ela pode tomar as mesmas decisión, e polo tanto se trouxo esta moción foi por decisión súa, unha moción que por certo non conduce a nada, ou máis ben, vai conducir ao seu partido á desaparición, antes incluso que UPyD, iso seguro. Dille tamén que lle preguntou se sabía que era Bildu, e cre que todos o sabemos, e é máis, xa o sabemos dende hai moitos anos, e xa o dicíamos cando dicilo era moito máis perigoso que facelo agora, porque houbo un tempo no que o mero feito de ser concelleiro do PSOE ou do PP era perigoso, nunha época na que por certo non existía C's, e polo tanto o que dixo a Sra. Lama xa é unha falla de respecto ao PSOE, que ten mortos enriba da mesa. Pero o que tampouco cabe discutir é que Bildu condena o terrorismo nos seus estatutos, e é a segunda forza máis votada no País Vasco, e polo tanto hai que dialogar con eles no parlamento, aínda que non nos guste, e hai que mirar cara adiante, porque hai xa anos que o terrorismo rematou, e iso teñen que metelo na cabeza partidos como C's e o PP, porque ata os cidadáns xa o saben. A este respecto, e dado que a Sra. Lama pertenceu ao PP, lémbrale unhas declaracións de Aznar, de cando había mortos, nas que admitía que a independencia vasca é lexítima se non se impón pola forza, e lembra tamén que Javier Maroto, do PP no concello de Vitoria, admitiu ter chegado a acordos con Bildu, ou o feito de que PP e UPN negociaran con Herri Batasuna os orzamentos de Navarra en 1993, ano no que ETA asasinou a 14 persoas. Por iso dicía que este debate é indignante, e se pregunta se é que o PP quere volver a isto coa única pretensión de ter réditos electorais, algo que xa fixeron con Zapatero, cando sacaban xente á rúa porque dicían que negociaba cos terroristas, e di que afortunadamente, negociouse e acabouse coa banda terrorista. Di que non poden ter esta actitude, e que en cambio a manteñen agora co tema de Cataluña, e exhibe fotos de Aznar con Pujol e Arzalluz, como mostra de incoherencia, e lembra tamén que Alianza Popular, da que son herdeiros, non votou a Constitución que agora tanto din defender. Acusa ao PP de incoherencia e cinismo. E falando de incoherencia, como non vai falar da Deputación de Ourense e do acordo entre PP e DO, porque falan de populismo, e pregúntase que é DO e en que benefician á provincia acordos que prevén un rañaceos na cidade co maior parque de vivendas baleiras ou un parque cun mapamundi xigante, e este tipo de cousas son as que hai que explicar aos cidadáns, e non vir con mocións que só falan de cousas que pertencen ao pasado e verbo das que debemos tentar de avanzar. Con respecto ás declaracións do Sr. Rodríguez Villarino en canto a que non lle preocupaba o dos 370 millóns, en efecto,

non lles preocupa, porque saben que se vai resolver, e a vía sinxela para resolvelo son os orzamentos para 2020, porque o problema o creou o PP cunha lei de Montoro que determinou a xudicialización deste problema, e pola vía xudicial tardarase anos en resolver ese problema. Di que o que lle preocupa é o que pasa nesta casa e nesta provincia, como se fan as contratacións de obras, ou que se gasten máis de 230.000 euros, IVE aparte, en regalos institucionais, cando noutros sitios os regalos institucionais fanse mediante publicacións que poñan en valor o territorio, cousa que aquí sería doado facer, porque temos unha imprenta e un departamento de publicacións que o goberno non utiliza, e sairía moito máis barato. E faise esa adquisición de regalos institucionais por ese importe mediante unha adxudicación directa, para o que necesitan un informe, e o informe o fai Mercedes Gallego, que causalidade, que foi senadora do PP e delegada de Educación, e ademais eses regalos mércanse a familiares de traballadores do PP nesta casa e agora na delegación territorial da Xunta, esa é a realidade, e iso é o que non se explica, e polo tanto, menos vir con mocións destas e máis vir a falar do que se fai nesta casa, que é bastante grave.

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, prégalle ao Sr. Gómez Pérez que non a este atacando sempre co argumento de que pertenceu ao PP, porque cambiar de partido é algo lexítimo, e lémbrale que a actual alcaldesa de Trives que interveu hai un rato, actualmente do PSOE, tamén veu no seu día do PP. Cita unha serie de declaracións do presidente Sánchez que logo se viron desmentidas polos feitos, e cita tamén as declaracións do ministro Ábalos nas que hai uns días negaba o seu encontro no aeroporto de Barajas coa número dous do ditador de Venezuela, e pregúntase se é que esa señora foi dende o avión á sala VIP ás cabaliñas do señor Ábalos, porque ten prohibido pisar solo español. Dille ao Sr. Gómez Pérez que é incoherente, porque puxo en valor a subida das pensións no 0,9 %, pero se esa subida a tivese aprobado outro partido a criticaría por insuficiente. Dille tamén que a súa defensa da imaxe de Bildu na súa intervención anterior parécelle lamentable para calquera persoa decente neste país, e le unha breve semblanza biográfica do líder de EH Bildu, Arnaldo Otegi, que foi membro de ETA, condenado a penas de cárcere por delito de secuestro, e logo dirixente de HB, investigado e condenado por diversos delitos de enaltecemento do terrorismo ou financiamento ilegal das herriko tabernas, e parécelle inaceptable que se tente defender un pacto cun partido así.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non vai entrar nos debates que abre o Sr. Gómez Pérez fóra da orde do día co fin de desviar a atención, cousa que comprende porque o seu papel hoxe é difícil. Con respecto ao tema dos 370 millóns, dille que o que non hai é vontade política de resolver o problema, e só de botarlle a culpa ao PP, e dille que non é necesario agardar aos orzamentos de 2020 para resolver ese problema, porque tampouco se podía resolver o da subida de soldos dos funcionarios sen orzamentos e ao final resolveuse.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (incluído o voto por correo do deputado don Pablo Pérez Pérez, 12) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourense (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Amosar o apoio e respecto da Deputación de Ourense ao ordenamento xurídico español e a todos os órganos constitucionais, incluída a Xefatura de Estado.

2.- Instar ao grupo parlamentario EH-Bildu para que o seu portavoz se retracte das palabras que, contra a Coroa e a nosa democracia, proferiu no Pleno de investidura do pasado 5 de xaneiro de 2020.

3.- Instar ao actual presidente do Goberno a non realizar concesións aos grupos independentistas nin a levar a cabo a creación dunha “mesa de negociación institucional entre os gobernos de España e Cataluña”.

4.- Instar ao presidente do Goberno a que cumpra a súa promesa de recuperación do delito de referendo ilegal.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA SOLICITARLLE AO CONGRESO DOS DEPUTADOS QUE SE INTERPELE AO PRESIDENTE DO GOBERNO SOBRE OS ACORDOS ALCANZADOS CON INDEPENDENTISTAS E POPULISTAS E SE REXEITE A ACTUACIÓN DUN PRESIDENTE QUE PACTOU CON AQUELES QUE QUEREN ACABAR CO CONSENSO CONSTITUCIONAL.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co do punto anterior.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (incluído o voto por correo do deputado don Pablo Pérez Pérez, 12) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourenseana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- I. Instar ao presidente do Goberno a romper o seus acordos con ERC e Bildu.
- II. Instar a todos os grupos parlamentarios do Congreso a que os seus deputados e deputadas, como representantes de toda a cidadanía española, soliciten a comparecencia do Sr. Sánchez para ser interpelado sobre os seguintes aspectos:
 1. Se a súa afirmación de “deixar atrás a xudicialización do conflito” implica:
 - a) Reverter politicamente as condenas que a xustiza impuxo aos condenados por delito de sedición, entre outros, cando en outubro de 2017 vulneraron a lei co obxectivo de romper a nosa nación.
 - b) Non actuar con toda a forza da lei e a xustiza españolas contra aqueles dirixentes políticos que, como Torra, xa afirmaron que desobedecerán as resolucións xudiciais e seguirán tentando lograr a independencia de Cataluña por calquera vía.
 2. Se a súa afirmación de “que a lei non basta” supón abandonar a obrigaón de todo cidadán, unha obrigaón legal e moral que se amplifica no caso dun cargo público, de denunciar delitos e comportamentos contrarios da lei.
 3. Como poderá cumprir o establecido nos artigos 1.2 e 92.1 da nosa Constitución (“a soberanía reside no pobo español” e “as decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a referendo consultivo de todos os cidadáns”), cando no seu acordo co PNV unha parte de España decidiu sobre as competencias (neste caso de tráfico) doutra autonomía (neste caso Navarra) e acordou con ERC “unha consulta á cidadanía de Catalunya, non a todos os españois, para validar as medidas en que se materialicen os acordos aos que chegue a mesa bilateral entre o goberno de España e o goberno da Catalunya”.
 4. Se cando anunciou un “novo tempo para España” se debe a que o seu goberno pretende cambiar a nosa Constitución (e con ela o noso sistema político e os principios básicos da nosa democracia) de maneira subrepticia, sen seguir as canles previstas nos artigos 166 e seguintes da nosa Carta Magna e sen que poidan

opinar todos os españois.

5. Se a súa afirmación de que "se aplicará un cordón sanitario ás ideas" e a súa intención de poñer en marcha unha estratexia nacional de loita contra a desinformación significará un control por parte do goberno dos medios de comunicación, (posto que o Sr. Iglesias considera que "a existencia de medios de comunicación privados ataca a liberdade de expresión") e a exclusión do debate daqueles que discrepen do goberno.
 6. Se a súa intención de derrogar a LOMCE leva implícita a eliminación do ensino concertado no noso país (tal e como o Sr. Iglesias propuxo en diversas ocasións) e a supresión da liberdade dos pais e nais, recoñecida na Constitución e avalada por diferentes sentenzas do TC, de elixir aquel modelo educativo que mellor se adapte ás súas crenzas e forma de vida.
- III. Instar a todos os grupos parlamentarios do Congreso a que os seus deputados e deputadas, como representantes de toda a cidadanía española, presenten unha moción para rexeitar a actuación do presidente do Goberno. Un presidente do Goberno que pactou con aqueles partidos que buscan romper a unidade española e acabar coa democracia e o Estado de Dereito vixentes no noso país.
- IV. Trasladarlles este acordo a todos os grupos parlamentarios do Congreso e á Comisión de Peticións do Congreso, en virtude do artigo 77 da CE.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SOLICITUDE DE INTÉRPRETE DE LINGUAXE DE SIGNOS NOS PLENOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de adición Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista, di que dende o seu grupo estiman que debe facilitarse o acceso á información pública dos debates plenarios ás persoas con discapacidade auditiva ou sordocegas, das que hai unhas 4.000 na nosa provincia, cifra considerable, que deben ter acceso á información, á educación, á cultura e ás novas tecnoloxías. Ademais, son xa moitos os concellos e deputacións en España e Galicia, como as deputacións de Coruña e Lugo, que xa contan con intérprete para poder seguir os

correspondentes plenos, cun custe económico moi baixo, que sería duns 90 euros para un pleno de catro horas. Pide tamén que isto se faga previo contacto coas asociacións de afectados da provincia, e di que o seu grupo estivo en contacto cunha destas asociacións que só ten unha intérprete para todo o rural, cunha enorme carga de traballo (de feito, hoxe non puido vir ao pleno, porque tiña que atender a unha persoa como intérprete nunha consulta médica) e para poder contar cun bo servizo sería necesario que a Deputación triplicase a axuda que actualmente lles está a dar, elevando esa axuda ata os 19.500 euros anuais, e cre que é unha contía insignificante para a Deputación que podería incluso salvar vida (dada a importancia deste servizo na atención de urxencias médicas).

A continuación, prodúcense as intervencións dos portavoces dos grupos, co seguinte resumo:

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía da os parabéns ao Grupo Socialista por esta iniciativa, e explica a súa emenda de adición, consistente en pedir que a Deputación imparta accións de formación dos empregados públicos locais na linguaxe de signos, co fin de eliminar a barreira de comunicación entre estas persoas e as institucións locais.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego anuncia o seu apoio a esta moción, pola importancia que ten apoiar ás persoas con discapacidade para acadar unha igualdade real e efectiva.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana é obvio que hai que apoiar esta iniciativa e felicitar ao Grupo Socialista pola súa proposta.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, anuncia o seu voto a favor da moción do PSOE e da emenda de C's, e ten que dicir que isto xa estaba previsto, vinculado á reforma do sistema de gravación dos plenos, na que se incluírá a gravación con intérprete de linguaxe de signos, tanto en directo como na vídeo acta posterior, e agarda que poida estar en marcha para o vindeiro pleno do mes de febreiro. Anuncia tamén que en breve contarase cunha plataforma para persoas con discapacidade para facilitar acceso aos servizos da web da Deputación, empregando o mesmo sistema que xa emprega Red. Es. Anuncia tamén que as surface para os deputados xa foron adquiridas, e que a súa entrega adiouse por mor do ciber ataque sufrido en novembro, e que se espera entregalas antes do pleno de febreiro.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista, agradece a valoración do resto dos grupos, e amosa o seu acordo coa emenda de C's. Reitera a importancia de que se incremente ata 19.500 euros a subvención da Deputación a asociación, que insiste en que pode salvar vida, porque ao SERGAS parécelle moi caro os 4000 euros que custaría ter unha pantalla que permitise conectar cun intérprete da linguaxe de signos; cre que ademais se poderían levar a cabo outras iniciativas, como colocar na Ribeira Sacra ou noutros espazos de interese turístico un código QR co que calquera persoa puidese recibir no teléfono a información turística ou doutro tipo na linguaxe de signos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade (incluído o voto por correo do deputado don Pablo Pérez Pérez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Deputación Provincial que realice os trámites oportunos para a posta en marcha deste servizo, tanto presencial nos plenos como na emisión destes a través de streaming.

2º.- Co obxectivo de que esta medida sexa o máis efectiva posible, solicitar o contacto permanente e as reunións necesarias coas asociacións existentes nesta provincia destes colectivos, para que poidan dar traslado das súas propostas a esta Deputación para a mellora da implantación dos servizos necesarios.

3º.- Instar á Deputación Provincial para que promova cursos de formación da linguaxe de signos no ámbito do persoal ao servizo tanto da institución como de todos os concellos da provincia, de maneira que se garanta o acceso á formación e a comunicación das persoas con discapacidade.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A MELLORA DA ESTRADA OU-540.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentaron emendas de adición os Grupos do BNG, o Grupo de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía e, conxuntamente, os grupos Popular e Democracia Ourensana, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que é de agradecer poder entrar a tratar problemas da provincia no canto de mocións forzadas que tratan sobre asuntos que non atinxen á Deputación e non aportan nada. Esta moción, en cambio, está orientada a mellorar as infraestruturas de comunicación da provincia, nomeadamente na Baixa Limia. Aproveita para dicir que no participou no pleno ata este punto porque o seu grupo é plural e participativo, e se reparten os asuntos entre os diferentes deputados e deputadas, o que considera positivo para unha mellor atención á cidadanía. O asunto ao que se refire é unha moción que literariamente se pode dicir que empeza no chapapote e chega ata o chapapote, porque empeza con aquel Plan Galicia, hai dezasete anos, cando o entón conselleiro de infraestruturas, Núñez Feijóo, propuxo e prometeu traer o mesmo que está a prometer agora, porque o 17 de decembro veu a presentalo cos alcaldes do PP da Baixa Limia, feito polo que protestaron os alcaldes socialistas e o do BNG da comarca. Engade que a infraestrutura que se promete agora está devaluada nun 50 %, porque aquela que se prometeu hai tantos anos tiña un orzamento de 16/17 millóns, e o que se ofrece agora ten un orzamento de 8/9 millóns aproximadamente, e iso ocorre porque a circunvalación nos concellos de Bande e Vereá é simplemente excluída, minguando considerablemente a súa utilidade social. Di que non se pode seguir enganando aos cidadáns cando se veñen facer propostas a esta terra, e o que non pode ser é que a conselleira de Infraestruturas veña en época preelectoral a dicir que as obras van iniciarse inmediatamente no ano 2020, e iso non pode ser, entre outras cousas, porque a propia documentación da Xunta de Galicia o desminte, e o desminte porque o orzamento do proxecto de licitación en 2019 é de 198.848 euros, fronte aos 226.668 do de 2003, que se devalúa porque xa non están estas dúas variantes, pero é que ademais o orzamento do proxecto se desglosa en 65.000 euros para 2020 e o resto para 2021, o que desminte a unha conselleira que co ímpetu electoral xa dicía que en 2020 empezaría o estudo de impacto ambiental, o que si é certo, pero porque o anterior xa caducou, e por tanto hai que facelo. Polo tanto, trátase de que hoxe acordemos pedir que esa infraestrutura se execute nas condicións que xa no ano 2003 se albiscaban, e lembra a este respecto que a autoestrada que vai ata Celanova foi licitada cando no Goberno galego estaba o PSOE, e seguramente volverá a ser así cando se faga este novo tramo. Con respecto ás emendas, agradece que sexan de engádega, e ve interese en todas elas, pero cre que deben facerse algunhas matizacións. No caso da emenda do BNG, di que se pide que o tramo entre Celanova e a fronteira portuguesa se execute conforme ao Decreto 396/2009, de 8 de outubro,

e iso estaría ben, o que sucede é que ese decreto foi derogado polo Decreto 24/2014 de 27 de febreiro, polo que prega que se faga algún tipo de aclaración ao respecto, e entende que están a falar do mesmo, porque aínda que o BNG non usa a verbo “instar” entende que se refire a pedir que se execute a segunda fase, en tanto que o PSOE pide que se execute o proxecto definitivo; no segundo apartado da emenda do BNG faise referencia á planificación do solo empresarial prevista no Plan de solo empresarial de Galicia para a Baixa Limia como infraestrutura comarcal estruturante, di que non sabe a que se refire, porque ese plan sectorial non prevé un polígono, senón tres, un en Bande previsto por Xestur, outro en Muíños que vai por iniciativa privada e outro en Chaus, no termo de Lobeira, que non ten asignación pública nin privada; finalmente, a emenda do BNG fala da elaboración e execución do plan territorial integrado da comarca previsto nas directrices de ordenación do territorio de Galicia, e é que estes plans territoriais integrados en Galicia non chegaron a concretarse en ningún sitio agás no litoral, e que se queira traer aquí parécelle ben pero en todo caso debería engadirlle o de “instar á Xunta de Galicia” a que o elabore e execute. Con respecto á emenda de C’s, na que se pide que se faga unha autoestrada ata Portugal, iso estaría moi ben, pero non hai ningún documento oficial que formule tal cuestión, e non o hai basicamente pola densidade do tráfico, porque hai uns 2.000 automóbiles / día e terían que ser 6.000 polo menos, polo que tal vez podía reformularse como unha proposta de futuro; e finalmente, con respecto á emenda de engádega do PP, ten que dicir que non a entende moi ben, porque a moción do PSOE o que di é que se inste á Xunta de Galicia a que desenvolva o proxecto íntegro, sen excluír nin a Bande nin a Verea, e o PP o que di é que se inste á Xunta de Galicia á redacción, coa máxima celeridade, do proxecto de reforma da estrada OU-540, no treito comprendido entre Celanova e a fronteira portuguesa (e ata aquí están de acordo) pero “de tal xeito que se contemple para próximos investimentos a construción das variantes de Bande e Verea” co que están pedindo menos do que pide o PSOE, e polo tanto o de engádega non se entende que sexa, polo que lle gustaría que llo aclarasen.

A continuación, prodúcense as intervencións dos portavoces dos grupos, co seguinte resumo:

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que a súa emenda de engádega o que pide, en esencia, é que dunha vez por todas se faga unha aposta polo rural, e está claro que os servizos que se dan aos cidadáns non

teñen que ser rendibles, e cre que a prolongación da AG – 31 ata a fronteira sería unha maneira de reforzar a unión co país veciño e potenciar o turismo da Baixa Limia, o que levaría á creación de emprego e á fixación da poboación. Di que non tería ningún problema en engadir que se fagan os oportunos estudos de viabilidade, e lembra que xa no ano 2009 moitos alcaldes e o propio presidente da Deputación animaban ao Sr. Núñez Feijóo a que se rematar esa autovía, amosándose disposta a modificar a emenda no senso indicado.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego di que este é un asunto recorrente, e que xa en 2004 o BNG trouxera unha moción para instar a execución dunha vía de alta capacidade con dobre carril ata a fronteira portuguesa, cun investimento de 20 millóns de euros, e máis recentemente, en 2017, no pleno de 22 de decembro, e tras poñer de manifesto o acusado descenso demográfico da comarca, facíase unha proposta de resolución que se aprobou por unanimidade e que é exactamente o que se propón hoxe aquí polo seu grupo. O problema de fondo é que este asunto teña que volver a traerse aquí, neste caso a través dunha moción do PSOE, e os tres puntos que propón o BNG seguen a estar en vigor porque ningún deles se cumpriu, ese é o problema real. Di que se se mudou o Decreto 396/2009 haberá que cambialo, pero tampouco é que estea mal porque o que o BNG quere é que se execute a obra tal e como estaba contemplada nese decreto, pero se o de 2014 di o mesmo non hai problema ningún en cambialo. Di que os puntos 2 e 3 da emenda se refiren, obviamente, a instar á Xunta en ambos casos a facer o que se propón neses puntos. Di que non ten inconveniente en facer as modificacións que suxire o Sr. Rodríguez Villarino, pero o que si lle gustaría é que o acordo saíse por unanimidade, porque estamos en 2020 e o que se pediu en 2017 non se cumpriu.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana di que cre que estanos de acordo no fundamental, o que impón a economía dialéctica, e que no que pon a proposta de acordo da moción, en canto a instar á Xunta de Galicia a que se inclúa no proxecto de mellora da estrada OU – 540 que se está a tramitar as variantes de Bande e Vereá, evidentemente, concordan. Di que tentará aclarar os aspectos da emenda de engádegas que o portavoz socialista di non entender, e así, na emenda se propón instar á Xunta de Galicia a redactar coa máxima celeridade, o proxecto de reforma da estrada OU-540, e isto refírese ao proxecto para o que xa hai partida orzamentaria, e piden que no treito comprendido entre Celanova e a fronteira portuguesa, se contemple a construción das variantes de Bande e Vereá, pero o que non sabemos é si hai disposición orzamentaria para

esas variantes, polo que se insta a que se orzamenten os recursos necesarios para poder realizar esas variantes. Cre que deste xeito o texto e máis concreto en canto ás pretensións do que se pide a Xunta.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular lembra unha intervención súa no pleno de 22 de decembro de 2017, no que reivindicou a necesidade da mellora das infraestruturas de comunicación na comarca como un factor imprescindible para o seu desenvolvemento económico. Nese pleno debateuse unha moción do BNG que agora se reproduce na súa emenda (aínda que, como apuntou o Sr. Rodríguez Villarino, esa emenda debe adaptarse á normativa vixente). Di que agora hai novidades ao respecto tralo anuncio dun investimento de 9 millóns de euros nun treito de aproximadamente 34 quilómetros de lonxitude entre o remate da AG- 31 e a fronteira de Portugal. Di que o proxecto mellorará a capacidade da vía coa inclusión dun terceiro carril e coa rectificación de curvas en determinados puntos, e subliña que se trata dunha vía cunha baixa densidade de tráfico, como apuntaba o Sr. Rodríguez Villarino, o que non xustifica a prolongación da autoestrada ata a fronteira. Engade que a estrada actual obriga a circular eses 34 quilómetros, ata conectar coa autoestrada portuguesa, por un trazado sinuoso e con innumerables travesías, e agora hai un proxecto en tramitación de mellora do trazado, que ven con retraso, e moito, pero aí está, e non foi doada a loita dos alcaldes e de bastantes colectivos sociais e dos veciños para conseguilo, e asegura que non por iso seguirán a pedir máis melloras, todos xuntos e sen bandeiras políticas. Di que non quere entrar en polémicas estériles, pero os alcaldes de Lobios, Lobeira, Bande e Muíños non foron convocados polo presidente da Xunta, senón que pediron eles unha reunión co presidente, como está seguro fan os alcaldes do PSOE con determinadas autoridades, e iso o fixeron porque é o seu dereito e a súa obriga de defender os intereses dos seus concellos, e esa reunión tivo o froito do anuncio do inicio da 2ª fase da mellora da estrada OU – 540. Posteriormente, foi a conselleira a que se desprazou á comarca para presentar o proxecto, e alí estaba o alcalde de Entrimo, do PSOE que se saiba. Polo tanto, deslealdade institucional ningunha, e barullo mediático bastante, malia que inútil. Di que ese mesmo día o DOG publicaba a licitación do proxecto dun orzamento de 200.000 euros, e a día de hoxe hai xa dezasete ofertas. En todo caso, anuncia que votarán a favor da moción presentada e das emendas de engádegas que se presentaron, coa matización que lle fixo o Sr. Rodríguez Villarino e el mesmo ao Sr. Varela López, en canto a que o que propón se adapte á normativa vixente, cousa que entende que o Sr. Varela aceptará. Con respecto á emenda da

Sra. Lama, di que lla agradece polo que suporía de mellora para a Baixa Limia, pero a realidade é teimuda, e podemos facer o que podemos facer. Con respecto á emenda do BNG, di que a apoian cun senso positivo, aínda que se sae da orde do día, porque a moción do PSOE se refire só á mellora da estrada. Con respecto á emenda de PP e DO, dille ao Sr. Villarino que se explica porque agora mesmo hai 9 millóns, non hai máis, e o que PP e DO pretenden e que de cara a 2021 esas variantes se teñan en conta e se constrúan acto seguido, e piden ademais que se negocie cos concellos de Bande e Vereá porque nalgún deles está un pouco verde o trazado e hai distintas alternativas, e nese sentido vai a súa emenda.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que lle gustan as utopías, pero teñen que ser posibles, e con respecto á emenda de C's se se formula nos termos sinalados pola súa deputada entende que sería aceptable. Polo que respecta á emenda do BNG, di que hai que definir cal é o polígono empresarial ao que se refire a emenda, porque na comarca hai previstos tres, e polo tanto prega que se modifica a emenda no senso de especificar cal é o polígono concreto cuxa execución se demanda (o Sr. Varela López dille dende o escano que se se insta á Xunta xa se entende que se refiren ao polígono que está previsto como de promoción autonómica). En canto á emenda conxunta de PP e DO, di que agora si entende o seu sentido, tralas explicacións dadas, pero que non a comparte. Di que xa no seu día se fixo un estudo no que o orzamento do proxecto era máis elevado, e o era porque aquel estudo incluía as variantes de Bande e Vereá, e de feito o 10 % das expropiacións necesarias xa foron pagadas, e os concellos de Bande e Vereá puideron facer alegacións no seu momento. Rexeita o argumento de que só hai dispoñibilidade para 9 de millóns de euros, porque do que se está a falar agora é de contratar os proxectos, para o que as previsións de gasto se reparten entre 2020 e 2021, co que no mellor dos casos a execución das obras non se iniciará ata 2022, dado que aínda falta o estudo de impacto ambiental, porque o de 2005 caducou, e polo tanto estamos a falar do proxecto, non da obra, e se de aquí a 2023 ou 2024 non imos poder pasar de 9 a 17 millóns, que era a estimación inicial con esas dúas variantes, mal imos. Polo exposto, aceptan as emendas de C's e BNG, pero a emenda de PP e DO vana votar en contra, porque vai en detrimento do que propón a súa moción e, polo tanto, sería contradictorio que votase a favor da emenda.

D.ª Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que queda a disposición do grupo proponente en canto á aceptación da súa emenda. Dirixíndose ao portavoz do Grupo Popular, dille que esta non é unha emenda que se

Ile ocorrese a ela onte pola noite, e que é tan sinxela como ir á hemeroteca e comprobar que o 29 de xaneiro de 2013 os alcaldes dos catro municipios polos que discorre a AG 31 reclamaron a súa prolongación, e a resposta de Infraestruturas foi que se seguiría a mellorar ese eixo de comunicación ata a fronteira con Portugal. Di que é consciente da baixa densidade do tráfico nese tramo, pero tamén é certo que a estación de Manzaneda abre só uns días ao ano e iso non impide que se gasten moitos cartos nela, e mesmo o investimento de 5 millóns de euros hai un ano. Cre que hai que ter altura de miras, e que debe aspirarse a unha autoestrada ou senón a unha vía de alta capacidade, o que digan os técnicos, e insiste na súa necesidade para acadar o crecemento económico da comarca como medio para fixar poboación.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego di que a súa emenda se refire ao parque empresarial que corresponde desenvolver á Xunta (é dicir, o de Bande). Di que o que fundamenta a reivindicación desta infraestrutura non é só o interese dos veciños da comarca, que tamén, senón a necesidade de vertebrar esta provincia co norte de Portugal, onde hai 2,6 millóns de usuarios que, de dispoñer dunha vía digna de acceso, incrementaría o tráfico desprazándose cara a nós, e nó cara a eles.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, di que non cre que a súa emenda sexa menos ambiciosa que a moción do PSOE, porque o que están a pedir é precisamente que se garanta a existencia de diñeiro para os investimentos precisos para executar estas variantes.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular dille á Sra. Lama que as cartas aos Reis Magos ás veces saen ben e ás veces mal, porque a realidade é teimuda, e dille que por exemplo leva moitos anos reivindicando a ponte do Poldrado sen conseguilo, afirmando ironicamente que ten a esperanza de que os seus netos o consigan. Dille ao Sr. Rodríguez Villarino que a súa emenda ía no ánimo de matizar a moción, pero o Sr. Rodríguez Villarino non o entende así, polo que se lle parece se votarán de forma independente, e que a emenda de engádega se transforme en emenda de modificación ou incluso de substitución. Di que entende que hai que pedir algo concreto, e o que hai agora sobre a mesa e unha licitación cun orzamento para redactar un proxecto por 200.000 euros, e a empresa adxudicataria terá que redactar o que poña o prego que é o que se lle encarga, e por iso piden que a concreción das variantes de Vereá e de Bande se saque a concurso en vindeiros investimentos. Con respecto á variante de Vereá é certo que estaba moi avanzada a súa definición e mesmo se

expropiaron algunhas parcelas, pero dado o tempo transcorrido e coas obras de concentración parcelaria hai como bastante lío co seu trazado, e en Vereá hai unha contestación social importante, polo que hai que darlle unha volta a iso, e na propia corporación municipal non hai acordo ao respecto, e de aí que a súa emenda pida que se tenten negociar os trazados. Con respecto ao dos parques empresariais, di que hai previstos tres, e ao mellor por iso non temos ningún, e o de Bande e Muíños teñen cadanseu unha formulación distinta, e o dos Chaus, en Lobeira, xa o ten dito moitas veces, é inviable, porque non se pode facer un parque empresarial a carón dun encoro como o das Conchas, porque só a depuración das augas residuais implicaría custes astronómicas, e polo tanto non se deben facer torres no aire. Dille tamén ao Sr. Varela López que hai que ter coidado coas promesas, porque lembra que cando o bipartito, o vicepresidente do BNG presentou publicamente a obra da ponte do Poldrado, con 17 millóns de euros, e ao día da data aínda non foi quen de atopar sequer catro folios relativos a ese asunto, polo que promesas as xustas e as realizables.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que agora si que entende perfectamente a emenda, e que xa tardaban en vir a ser danosos para esta provincia, porque se dá a aparencia de preocupación polos intereses da provincia para logo acabar substituíndo a emenda chamada de engádega por unha emenda de substitución da moción do Grupo Socialista. Di que a moción do Grupo Socialista propón instar á Xunta a que inclúa no proxecto que está a tramitar as variantes de Bande e Vereá, iso é o que piden eles, e en cambio a emenda do PP e DO pide instar á Xunta de Galicia a que redacte, coa máxima celeridade, o proxecto de reforma da estrada OU-540, no treito comprendido entre Celanova e a fronteira portuguesa, de tal xeito que se contemple para próximos investimentos a construción das variantes de Bande e Vereá, é dicir, o PSOE pide que se inclúan esas variantes e o PP e DO fan unha emenda de engádega na que din que non se inclúan, que se inclúan no futuro, e pregúntase que clase de defensores da provincia temos aquí, e di que veñen aquí a louvar ao seu propio partido e á Xunta abdicando da defensa dos intereses da súa terra, e vaia proposta que fan, deixar as cousas tal e como están, é dicir, cara ao futuro, e iso non é asumible. Pide que o Sr. Secretario aclare se é posible que unha emenda de engádega se cambie logo nunha emenda de modificación ou substitución.

O **Sr. Presidente** dá a palabra ao Sr. Secretario para que dea resposta á consulta do Sr. Rodríguez Villarino.

O **Sr. Secretario** di que hai que partir de que a tipoloxía das emendas non está contemplada regulamentariamente, e que ademais é xuridicamente irrelevante en canto á súa tramitación, dado que as emendas, calquera que sexa a súa tipoloxía ou cualificación, trámitanse todas igual, e en concreto, vótanse todas de forma separada da moción, e polo tanto a cualificación dunha emenda como de engádega, de substitución, de modificación... é puramente descritiva, alude ao contido lingüístico da emenda. Di que segundo o dicionario Estraviz (porque a palabra é un lusismo que non figura no dicionario da Real Academia Galega) unha “engádega” é o acto ou efecto de engadir, ou o que se engade ou agrega; e polo tanto entende que unha emenda de engádega é unha emenda na que se engade un texto a maiores do texto da moción orixinal, e neste caso considera que a emenda non era de engádega, porque o que se fai é modificar o apartado 1 da proposta de acordo (o apartado 2 queda como estaba) porque as cousas son o que son con independencia de como se lles chame, e entende que hai unha sutil modificación no primeiro inciso do apartado 1 (no último si se podería entender que hai unha engádega, na alusión a unha “previa negociación do seu trazado cos concellos”) en tanto que na moción se pide a inclusión das variantes no proxecto en trámite e na emenda se di que as variantes se inclúan en investimentos futuros. Considera que o feito de que a emenda sexa de modificación é irrelevante dende o punto de vista xurídico, e que o único importante é que quede claro o seu sentido cara á votación.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que quedou perfectamente claro que esta é unha emenda falsamente cualificada como de engádega, por iso el dicía que non a entendía, ata que chegamos ao punto no que pasou o que tiña que pasar, e de feito, se se aprobasen a moción e a emenda, ¿cal das dúas prevalecería sobre a outra? Di que isto é unha estafa á cidadanía, realizada mediante ese artificio dialéctico, esa neo – linguaxe que usa o PP para dicir unha cousa cando se quere dicir outra, e dille que o único que defenden son os seus logros políticos, porque o que pide o PSOE era o proxecto previsto en 2003, e agora ven o PP a vender como un logro o que non é máis que un recorte, pospoñendo para o futuro o desenvolvemento desta terra. Di que as palabras teñen importancia, porque determinan os feitos, e con esta emenda que chaman de engádega o PP e DO van deixar o trazado sen as variantes de Bande e Vereas, en tanto que o resto de grupos van votar a favor de que esas variantes se inclúan xa, e cualifica isto de lamentable e vergoñento. Facendo alusión á emenda do BNG, di que o dos polígonos queda tamén adiado, e critica que o Sr. Álvarez Dobaño, sen ser técnico, diga que o polígono dos Chaus é inviable.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de C's – Partido da Cidadanía propón que se faga un receso para tentar de consensuar unha moción que poida aprobarse por unanimidade, ou ben deixala sobre a mesa ata o vindeiro pleno coa mesma finalidade de acadar un consenso, porque cre que a importancia o asunto o merece.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o Sr. Rodríguez Villarino viña coa escopeta cargada e non lle escoitou o que dixo, e ademais amosou unha ignorancia supina ao falar do parque empresarial, e dille que vaia por Muíños cando queira e seguro que cambia de opinión. Di que se lle escoitara lembraría que lle dixo que o PP ía votar a favor da moción do PSOE. Aquí o importante é como vamos a votar, e o Sr. secretario deu a súa opinión, discutible como todas, e punto, e a súa é unha emenda de engádegas, e a transforman nunha emenda de modificación substitución, e pregúntalle ao Sr. Secretario se vale así.

O **Sr. secretario** dille que é o que é, e que é irrelevante que se chame de modificación ou de substitución.

Don Plácido Álvarez Dobaño di que entón a presentan como emenda de modificación, e adianta que ademais van votar a favor da moción do PSOE e das emendas do BNG, coa adaptación á normativa vixente, e da emenda tan ambiciosa que fixo a Sra. Lama. Reitera que o sentido da súa emenda reside na existencia dun contrato de redacción de proxecto xa en tramitación, cuxa alteración tería consecuencias xurídica, como debería saber o Sr. Rodríguez Villarino.

Don Rafael Rodríguez Villarino pídlle ao Sr. Álvarez Dobaño que deixa as leccións e as descualificacións, e dille que non se pode vir aquí a enganar á xente, e pregúntase como se pode aprobar unha cousa e a contraria, e a emenda do PP fai decaer a moción do PSOE, e o acordo que debería adoptarse é aquel que permita que se desenvolva no seu conxunto o proxecto tal e como se prevía no ano 2003. Di que se hai que saír a falar de como chegar a ese acordo, ben, pero se o receso é para cercenar a súa moción, non teñen nada que falar.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda formulada por C's, que é aprobada por unanimidade (incluído o voto do Sr. Pérez Pérez). En segundo lugar, somete a votación a emenda do BNG, que é aprobada por

unanimidade (incluído o voto do Sr. Pérez Pérez). En terceiro lugar, somete a votación a emenda do Grupo Popular e do Grupo de DO, que recibe os votos favorables do PP (12, incluído o do Sr. Pérez Pérez) DO (2) e C's (1), o voto en contra do Grupo Socialista (9) coa abstención do Grupo do BNG. Por último somete a votación a moción orixinal do Grupo Socialista, que resulta aprobada por unanimidade.

Como consecuencia das votacións anteriores (e tendo en conta que a emenda do Grupo Popular e de DO resulta contraditoria co punto 1º da moción orixinal do Grupo Socialista, polo que á vista do manifestado no debate, o sentido do voto maioritario debe entenderse favorable á prevalencia da redacción do punto 1º contida na emenda do Grupo Popular e de DO, a despeito do voto unánime a favor da moción orixinal) o Pleno da Corporación adopta o acordo

1º.- Instarlle á Xunta de Galicia o seguinte:

- a) Que redacte, coa máxima celeridade, o proxecto de reforma da estrada OU-540, no treito comprendido entre Celanova e a fronteira portuguesa, de tal xeito que se contemple para próximos investimentos a construción das variantes de Bande e Vereá, trala negociación previa do seu trazado con estes concellos, dado que son os máis directamente afectados.
- b) Que execute a segunda fase da estrada OU-540, desde o remate da actual autovía en Celanova (Casal do Bispo) ata a fronteira da Madalena, no límite do Concello de Lobios, tal e como estaba contemplado no Decreto 396/2009, do 8 de outubro, polo que se declarou a utilidade pública e se dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do eixo de comunicación A-52 fronteira portuguesa. Treito I VAC A -52-Celanova sul e treito II Celanova-sul-fronteira portuguesa.
- c) Que realice a planificación do parque empresarial da Baixa Limia en Bande, previsto no plan de solo empresarial de Galicia para a Baixa Limia, como infraestrutura comarcal estruturante.
- d) Que elabore e execute o plan territorial integrado que estableza as condicións para o desenvolvemento integral da comarca, tal e como se recolle nas directrices de ordenación do territorio de Galicia.

- e) Que faga real a súa aposta polo rural, e finalice o tramo da autovía AG-31 ata a fronteira portuguesa.

2º.- Darlles traslado deste acordo ao Consello do Goberno da Xunta de Galicia, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a todos os plenos dos concellos das comarcas de Celanova e Baixa Limia.

12º.- MOCIÓN DO BNG A FAVOR DA XESTIÓN PÚBLICA DIRECTA DO FUTURO CAPD PÚBLICO DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou emenda de substitución o Grupo Popular e Democracia Ourensana., e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, di que, tal como avanzou na Xunta de Portavoces, quere convidar a unha voceira da plataforma Pro – CAP para que sexa ela a que expoña publicamente este documento.

Non se formula ningún reparo ao respecto polos grupos político, e **dona María Eva Gutiérrez Fernández, membro da plataforma Pro – CAPD de Ourense** pasa a ocupar un escano para expoñer o contido da moción.

Dona María Eva Gutiérrez Fernández, membro da plataforma Pro – CAPD de Ourense, agradece que se lle permita expoñer a situación na que se atopa o futuro CAPD en Ourense. Di que á vista da comisión informativa de 23 de xaneiro, na que o Sr. Caride, entre outros, expresou as súas dúbidas en canto a cal podería ser o mellor modo de xestión do futuro CAPD, quere dar en primeiro lugar unha serie de datos concretos que poden contribuír a aclarar estas dúbidas. Di que no informe de fiscalización do gasto de carácter asistencial a persoas maiores e dependentes do Consello de Contas de Galicia se di, en relación ás actas de inspección do servizo de atención residencial, no seu apartado 7, dedicado ao control e avaliación da calidade do servizo, que os cadros de persoal que constan no rexistro de entidades prestadoras de servizos non coinciden en número de efectivos co cadro de persoal ofertada na contratación apreciándose valores inferiores nos centros concertados, sendo claramente superiores nos de xestión pública; e nas prescricións técnicas dos contratos prevense servizos para os que non existe persoal axeitado no cadro de persoal do centro no caso dos centros de prazas concertadas, e igualmente sinala outras eivas en materia de persoal, como que non se cubran determinados postos, o que se faga constar como persoal de atención

directa aos residentes a persoal que en realidade realiza atención directa e servizos xerais, e que non dispón da cualificación necesaria, indicando que estas incidencias son comúns nas residencias xestionadas por certas fundacións. Sinala tamén que o informe do Consello de Contas constatou que malia que nas actas de inspección se facían constar estas irregularidades e se requiría a súa emenda á empresa xestora, estas emendas non se corruxiron e a inspección non propuxo a incoación de expedientes sancionadores. Di tamén o informe do Consello de Contas que na avaliación dos servizos, o grao de satisfacción dos usuarios é superior no caso dos servizos xestionados directamente pola Xunta, e que se fixo unha valoración baseada en 24 elementos, sendo superior a puntuación dos centros xestionados de modo directo pola Xunta en 22 dos 24 elementos, entre outros o trato aos usuarios, a profesionalidade do persoal, a valoración da comida e lavandería, a vixilancia da saúde ou o respecto pola intimidade dos residentes, etc... Di o Consello de Contas – e a propia Xunta de Galicia – que un dos factores que máis incide na calidade da xestión é a ratio de persoal de atención directa, e esa ratio é do 0,51 nos centros xestionados pola Xunta e de 0,39 nos centros concertado. Dirixíndose ao Sr. Caride e ao Sr. Presidente, di que o informe do Consello de Contas, nas súas conclusións, sinala que o 65 % das prazas en residencias en Galicia son concertadas, pero esa porcentaxe é maior no caso da provincia de Ourense. Di que para que a súa posición se entenda é preciso que se lles vexa como o que son, pais e nais ourensáns, que nin están manipulados politicamente nin son unha formación política nin piden algo inasumible para a administración, e cre que isto quedou demostrado dabondo nestes catro anos. Di que coñecen as carencia na atención á dependencia que existen nesta provincia, e polo tanto non precisan que ningunha formación política llo diga. Agora ben: sen a participación de tódolos integrantes da mesa de traballo polo CAPD, o que inclúen aos sindicatos e a tódolos grupos políticos da provincia (agás este ano, no que faltan DO e o PP) non seguirían aquí hoxe, e de aí o seu agradecemento a todos eles. Dille ao Sr. Presidente que hoxe queren que saiba de primeira man o que lles está a pasar coa Xunta de Galicia, e relata que alá polo 29 de marzo de 2016 a Consellería de Política Social convocounos a unha reunión para escoitar as súas demandas, e o conselleiro daquela, o Sr. Rey Varela, ofreceulles un centro en Mariñamansa e preguntoulles que lles parecía o proxecto, e a súa resposta foi que se o centro non era xestionado directamente pola Xunta de Galicia non aceptarían ese proxecto, e o conselleiro respondeu que non podía decidir a cuestión do modo de xestión nese intre, e que o tiña que consultar, polo que os convocou, no prazo dun mes, para darlles unha resposta certa, e o 27 de

abril de 2016, hai catro anos, e foi cando lles confirmou que o centro sería de xestión directa pola Xunta de Galicia, o que se publicou na web da Xunta en canto rematou a reunión. Dille ao Sr. Presidente que a súa demanda sempre foi a dun centro de xestión directa, como hai nas outras provincias galegas, porque é a provincia que falta, e na que non hai solución para cando as persoas con discapacidades psíquica rematan a idade escolar, e lembra que traballaron moito estes anos para resolver este problema, e aí estivo tamén o Sr. Baltar, cando o PP votou a favor, no pleno de 22 de decembro de 2016, dunha moción presentada pola plataforma onde se pedía que se garantise a xestión pública, atendido por empregados públicos igual que nas outras provincias. Di que en setembro de 2016 a plataforma entregou aos partidos políticos un manifesto no que se comprometían a crear un CAPD en Ourense de xestión pública e con empregados públicos, e das mesmas características que os existentes nas outras provincias galegas, aínda que cunhas infraestruturas vinte anos máis novas porque, en efecto, hai xa vinte anos que as demais provincias dispoñen deses centros. Di que ese manifesto foi asinado por PP, DO, PSdG – PSOE, BNG e En Marea, e a pregunta que se fai e por que PP e DO lles mentiron e por que agora están contra eles e os seus fillos e contra a cidadanía ourensá, e lembra ao respecto que a manifestación máis multitudinaria que transitou polas rúas de Ourense foi a convocada pola súa plataforma no mes de febreiro de 2017, así como o feito da recollida de máis de 50.000 sinaturas que os avalan en defensa do CAPD de Ourense. Dille ao Sr. Presidente que a Xunta garantiu á súa plataforma, directamente en abril de 2016, un centro con xestión directa igual que nas outras provincias galegas, e o conselleiro así o afirmou no Parlamento de Galicia o 23 de novembro de 2016, e no acto de cesión da parcela na Casa do Concello a actual conselleira dixo que o centro tería 110 prazas, e máis de 4000 m2 edificadas, e que sería de xestión pública, como pediron os pais, e mesmo o Sr. Núñez Feijóo, na televisión galega e co anterior alcalde de Ourense ao seu carón, conformou que o centro sería tal e como demandaban os pais. Pero logo disto, hai uns meses, o Sr. Núñez Feijóo díxolles que primeiro ían construír o centro, e que logo xa falaríamos, que foi o mesmo que se respondeu dende a Consellería de Política Social na derradeira xuntanza mantida hai só dous días. Pregúntalle ao Sr. Presidente se sabía isto, se sabía que estaba o Goberno galego de acordo na xestión e no centro que demandaban para Ourense, e que agora cambia de parecer, e pregúntase se houbo primeiro un engano pensando que ían calar. Di que están a confundir á opinión pública, nun acto de manipulación, empregando terminoloxía confusa para que os propios pais pensen que está garantida a xestión directa, falando de 100 % de prazas públicas

no novo CAPD público. Que será público é obvio, porque se constrúe con cartos 100 % públicos, pero cando se fala de prazas públicas é onde está a esencia da cuestión, porque prazas 100 % públicas non significa a xestión directa pola Xunta de Galicia, senón que serán concertadas, e a pregunta que se debería facer e por que a Xunta non quere a xestión directa en Ourense, tal e como se comprometeu, e esta pregunta deberíase responder á plataforma e ao Sr. Presidente como máximo representante da nosa provincia. Di que o único que demandan para Ourense é o que xa teñen as provincias de Pontevedra, Coruña e Lugo, e xa vai sendo tempo de que en Ourense tamén sexa así. Pídelle ao Sr. Presidente que, do mesmo xeito que defendeu hai semanas os servizos sanitarios da comarca de Verín en contra da política da Xunta de Galicia, faga agora o mesmo defendendo o noso CAPD e aos nosos rapaces, á nosa plataforma e á cidadanía ourensá, e engade que teñen dereito a elixir entre a xestión privada e a xestión pública directa, e a primeira xa existe con prazas concertadas, pero a segunda non a temos. Di que en Ourense hai centros sanitarios e educativos públicos, xuntos cos privados ou concertados, e hai residencias de maiores públicas xestionadas pola Xunta e unha universidade pública, pero non sabemos por que non hai un CAPD xestionado pola Xunta directamente, e pregúntase por que os nosos fillos non teñen os mesmos dereitos que nas outras provinciais, e nin se imaxina a cara de idiotas que se nos queda cando despois de catro anos pelexando para conseguir o centro e un número de prazas axeitadas para Ourense e unhas características semellantes ás doutras provincias, e tras tanto tempo esperando, mentres os seus fillos van rematando a idade escolar e as familias están desesperadas porque non saben que facer, de súpeto atópanse co que a Xunta di que non vai facer o centro como demandaron 50.000 sinaturas e a cidadanía nas rúas, senón como á Xunta se lle dea a gana. Pero as cousas non se fan así, hai que ter respecto pola cidadanía e polos compromisos adquiridos, e máis aínda se falamos de persoas con discapacidade, ou ¿e que son cidadáns de segunda categoría? Remata dirixíndose ao Sr. Caride, dicíndolle que nin se imaxina a desilusión e a decepción provocada polo seu grupo político, agora no goberno local, expresando dúbidas a estas alturas do partido, xa pouco razoables, sobre o modo de xestión, dúbidas que espera que tras a lectura das conclusións do informe do Consello de Contas quedasen aclaradas, e dille que non se trata de valorar cal é o mellor modo de xestión, senón de reclamar o que non temos e de respectar o compromiso adquirido pola Xunta cos nosos fillos. Remata dicindo que a plataforma Pro CAPD mantivo durante catro anos a mesma liña, defendendo un CAPD público de xestión directa, mentres que o goberno do PP mudou a súa

posición asumindo un CAPD público e de xestión privada, e pregúntase que cren que van pensar os cidadáns da súa credibilidade, e como van a explicarlle aos 50.000 asinantes que os apoiaron que unha empresa vai coidar dos seus fillos e fillas cando hai catro anos dixeron e asinaron o contrario. Ao respecto da emenda de substitución presentada polos grupos de PP e DO á moción do BNG, pregúntase por que se presenta esta emenda se se supón que todos queremos o mesmo, un CAPD público e de xestión directa para esa provincia, e prega que non enganen á opinión pública utilizando termos que levan ao engano, e subliña que a xestión pública que piden é xestión pública e directa pola Xunta de Galicia, e cansáronse de repetir en tódalas reunións que tiveron que iso era o que querían, un CAPD con empregados públicos.

A continuación, prodúcense as intervencións dos portavoces dos grupos, co seguinte resumo:

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía cre que pouco máis hai que engadir, e neste caso o pobo falou e os representantes políticos deben actuar en consecuencia. Cre que debe quedar claro que isto non é unha moción do BNG, senón dos pais e nais que teñen esta grave problemática, e non quixera verse na súa situación, porque comprende que debe ser tremendamente difícil, e cre que como representantes da cidadanía deben empatizar cos problemas dos cidadáns como se fosen seus. Prega por iso para que PP e DO retiren a súa emenda, porque, insiste, non se trata dunha moción do BNG, senón dos cidadáns afectados por este grave problema, e agarda que sexan valentes, como o foron co paridoiro de Verín.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, felicita á Sra. Gutiérrez Fernández pola súa exposición, e dille que coa propia lectura da emenda pode comprobar como se propón instar á Xunta á xestión pública do CAPD, e se quere se pode engadir a palabra “directa” tamén. Di que o que sucede nas comisións informativas previas ao pleno é que alí se toma coñecemento dos asuntos, e existe a práctica política de reservar o voto para a sesión en tanto se estuda en profundidade o asunto de que se trate. Di que estar nunha organización política e nunha actividade pública de goberno non é tan doado como pode parecer nun primeiro momento, e hai que escoitar e falar con todas as partes. Di que non se puxo en cuestión o carácter público do centro e das súas prazas, tal como se expresou dende a Consellería, e que o único sobre o que expresou a dúbida na comisión foi en relación co debate en termos xerais sobre se é máis eficiente o

sector público que o sector privado, pero ese é un debate no que non vai entrar agora. O que é certo é que o seu día houbo 50.000 sinaturas para a creación do centro terapéutico ocupacional en Ourense, e cre que o primeiro paso se deu e o centro está en marcha, e á marxe disto os pais e as nais son os que coñecen a problemática dos seus fillos, e se o piden eles entende que non hai outra opción política que apoiar a súas demandas, e efectivamente en setembro de 2016, no Ateneo asinouse ese manifesto por tódolos partidos, no que se pedía que o centro fose de xestión pública, e nese senso van votar a favor desa demanda. Di que con respecto á redacción de emenda pódese abrir un debate lingüístico, pero dende o punto de vista xurídico xestión pública é xestión pública, e o único matiz diferencial entre a moción e a emenda é que na moción se pide que se doten as partidas no orzamento de 2020 para a contratación de persoal para a xestión pública directa e na emenda se di que se comprometan en todos os orzamentos sucesivos, porque a previsión dos orzamentos de 2020 perderá eficacia ao rematar o ano, e esa é a diferenza coa moción, coa que se tenta corrixir o que consideraron un erro da moción, dado que a dotación orzamentaria para 2020 que se pide na moción non garante a de exercicios sucesivos. Di que en todo caso a decisión lle corresponde á Xunta de Galicia, e que o que se pode facer dende aquí é trasladar esa petición, o que farán nos termos que acaba de expoñer.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que a calidade democrática dunha terra mídese pola xustiza social, e Eva e os pais e nais que están agora neste salón de plenos levan moitos anos loitando por algo que non era preciso, porque nunha sociedade avanzada non hai que loitar por estas cousas, hai que facilitalas canto antes. O que ocorreu é que cando se asinou o manifesto en setembro de 2016 só faltaban nove días para as eleccións, e naquel momento DO e PP apoiaron estas reivindicacións, claro que si, e agora estamos en vésperas doutras eleccións, pero neste caso prefiren non apoiar esta demanda, como xa sucedeu no Concello de Ourense cunha moción conxunta de PSOE, BNG e C's na que se pedía a xestión directa con persoal público. Dilles que son incapaces de empatizar cos pais e nais afectados, porque se o fosen retirarían inmediatamente esa emenda, e dille ao Sr. Caride que son tan insensibles que son capaces de defender ao goberno de Galicia antes que aos afectados, e pregúntase que clase de engano nos veñen a traer hoxe aquí. Di que os pais o único que piden é o que xa existe en Pontevedra, A Coruña e Lugo, que no centro haxa un cadro de persoal público debidamente capacitado, cun psicólogo (1 por centro) médico (1 por centro) ATS/DUE (8 en cada centro) fisioterapeutas (1 en dous centros, 2 na Coruña)

traballadores sociais (1 en cada centro) terapeutas educacionais, educadores sociais (entre 15 e 18) e entre 78 e 76 cuidadores, o que da unha idea dos medios precisos para atender a persoas que teñen gravemente afectada a súa capacidade para ser autónomos. E isto non é un luxo, é xustiza social, é o básico. Dille ao Sr. Caride que o seu discurso está cheo de circunloquios para ocultar a súa mensaxe, e recoméndalle un libro de Víctor Klemperer, *LTI (Lingua tertii imperii)* que é un estudo sobre a linguaxe do Terceiro Reich no que se demostra como se daba a volta á linguaxe ata facer un discurso único, torcendo as palabras que logo servían para enganar á xente, pro aquí non se engana a ninguén, e pídelle que DO retire o seu apoio a esa emenda, pero non porque sexa algo excepcional, senón porque as nais e os pais o necesitan, é unha necesidade social, e non tería que ser preciso dicir isto. Lembra unha intervención pública de Eva Gutiérrez ao respecto deste asunto, e di que foi unha intervención viva, súa, á que el non se podería achegar en ningún caso, porque para iso sería preciso vivir a problemática que eles padecen; todas as persoas que estamos aquí non deberíamos ter nin a máis mínima dúbida do que hai que facer, e se o Sr. Caride as ten, é que ten un problema de conciencia. Insiste en pedirlle que retire o seu apoio á emenda, e demostre así que é un político aos servizo da cidadanía, porque iso é o que lexítima á política, o servizo ás persoas, en especial aos que máis o necesitan, e engade que se non o fai terá que aterse ás consecuencias do que poida experimentar interiormente, porque exteriormente xa non fai falla que faga nada.

Don Rosendo Luis Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, agradece a súa intervención viva e consecuente a dona Eva Gutiérrez, así como a presenza no salón das persoas integrantes da plataforma que reivindica o centro para persoas con diversidade funcional, que é como prefere referirse a este colectivo. Di que non hai ningún problema en engadir a palabra “directa” na referencia á xestión pública do centro contida na súa emenda, e que vai explicar o sentido desa emenda. Dille ao Sr. Rodríguez Villarino que acaba de dar un mitin político aproveitando un problema social, e que non ten remedio, e debería saber que o 25 de novembro de 2016, por unanimidade, o Pleno da Deputación adoptou un acordo en cuxo apartado terceiro se instaba á Xunta a garantir “en todo caso a xestión pública do centro”, e por iso na emenda recolleuse esa mesma expresión, unánimemente acordada o 25 de novembro de 2016. Di que como político e como profesional sanitario comprende a rabia e a dor das familias das persoas con diversidade funcional, non sempre suficientemente atendidas polas institucións, e cre que non pode ser máis claro, porque viviuno atendendo, e é

consciente do desgaste emocional das familias ao coidado dun fillo con este problema, e di que senten como propios a consternación e o coraxe destes pais, e que están ao seu carón na procura da mellor atención con recursos suficientes, porque ademais a discapacidade ten unha dimensión social, xa que non afecta só á persoa que a padece, senón tamén á familia e aos veciños, e a familia é a peza fundamental, a máis relevante no proceso de inclusión social destas persoas que requiren apoios permanentes. E por iso hai que apoiar ás familias, porque son os que mellor coñecen a situación destas persoas, algo que puido comprobar como profesional sanitario, e cara a orientación das políticas estratexias públicas que melloren suficientemente a atención. Engade tamén había persoas con diversidade funcional cando gobernou o bipartito, polo que o Sr. Rodríguez Villarino non pode vir aquí a poñerse medallas políticas, porque nos tres anos e medio que gobernaron na Xunta, nin falaron do tema. Di que, en primeiro lugar, en novembro de 2019 a conselleira dixo que estaba descartado que o centro o fose xestionar unha empresa; en segundo lugar, e dirixíndose agora ao Sr. Varela López, que foi o que presentou a moción, neste momento estanse a adxudicar as obras do centro, e as obras comezarán nas vindeiras semanas, cun prazo de execución de dezaoito meses, e polo tanto, modificar os orzamentos do 2020 non ten sentido, porque neses orzamentos hai xa unha consignación de 3,5 millóns de euros para construír ese centro, pero e que esa obra estenderase ata o exercicio 2021, no que haberá outros orzamentos. E ademais tamén se fixo caso ás familiar ao trasladar o emprazamento de Mariñamansa a Barrocás, aumentando o seu tamaño, e pasando das 80 prazas inicialmente previstas ás 110 actuais, 80 residenciais e 30 en centro de día, cun investimento total de case 8 millóns de euros. Reitera que a emenda de substitución que presentaron PP e DO baséase no acordo unánime de 23 de novembro de 2016, e que non hai problema en engadir a palabra “directa”, co que o acordo quedaría en que a Deputación insta á Xunta a que garanta en todo caso a xestión pública e directa pola Xunta de Galicia, cos investimentos precisos e necesarios nas anualidades comprometidas. Cre que con isto son coherentes co aprobado en novembro de 2016 e se apoia o que reivindicán os pais e nais da plataforma Pro CAPD. Pídelle ao Sr. Rodríguez Villarino que non faga política con unha cuestión social.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, di que cre que aquí hai unha confusión de partida, e é que a moción non é do BNG, senón dos pais e nais da plataforma, e tendo isto en conta os que están a facer política son o PP e DO, e chega un momento no que o enfado é normal. Di que vai limitarse a dar lectura ás propostas

de acordo que lle formulou a plataforma, e a ver cal é o problema en apoiar isto. Primeiro, “o pleno insta á Xunta de Galiza a que garanta por escrito que o centro público será de xestión exclusivamente pública directa”, e claro que non é baladí o de pública, ou imos a chuparnos todos o dedo, e cando a conselleira veu aquí, falou de pública pero todos entendemos o que quería dicir, fundación, asociación ou o que fora, e non era xestión pública directa, porque senón, ¿que problema había en poñelo dende o principio?; segundo, “o pleno insta á Xunta de Galiza a realizar unha modificación de crédito dos orzamentos da Xunta de Galiza que garanta a súa xestión pública directa a través da contratación de persoal público”, e nin sequera se pide que sexa neste ano, pode ser 2020 ou 2021, aquí a lectura faina cada un como lle da a gana, e “dispoñendo os fondos precisos para pór en funcionamento de xeito inmediato ó remate das obras, o servizo público directo”, e se se insiste na palabra directo é porque o pediron os pais, “tanto para o pago da contratación do persoal como para dotar do equipamento preciso as instalacións e non ter que agarda un ano a maiores dende a finalización das obras”, e isto tampouco é baladí, porque o compromiso, segundo lle trasladan dende a plataforma, era que se ía facer a licitación conxunta tanto do equipamento como das instalacións, e o equipamento é fundamental para un centro destas características, non é poñer catro camas, e por iso ten a súa lóxica solicitar o equipamento xa; terceiro punto, “o pleno insta á Xunta de Galiza a realizar unha convocatoria urxente dun concurso - oposición para a selección inmediata de persoal que garanta a dispoñibilidade de persoal público cualificado nada máis rematen as primeiras fases do proxecto”, e tampouco se está a falar de que sexa mañá, senón cando rematen as primeiras fases, e ademais hai unhas listas de contratación; e cuarto punto, “o pleno insta á Xunta de Galiza a garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de construción do novo CAPD de Ourense, para garantir que se acometa conforme ás demandas acordadas, así como a garantir que o futuro Centro de atención ás persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa”, e evidentemente aquí o nó gordiano é a xestión pública directa que demandan as familias, ás que quere expresar o seu respecto e admiración porque a través da plataforma levan loitando toda a vida, non só estes catro anos. Lembra o manifesto asinado o 19 de setembro de 2016, e di que o punto 3 dese documento é clarísimo ao referirse a un CAPD público, de xestión pública e atendido por empregados públicos, e isto foi asinado por representantes do PP e de DO, polo que pide que lle expliquen cal é o problema para ter que meter unha emenda na moción, porque non o entende.

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que non entende sequera que esteamos a debater sobre este tema, e insiste en que non é unha moción do BNG, senón dos pais e nais que padecen esa problemática e a presentaron a través dun partido político, cunha moción á que se podería ter adherido de non ser pola limitación que tiña a unha moción neste plenario, e que o único que queren é que por favor nos poñamos no seu lugar, e pregunta se é tan difícil entender que o problema é deles, e se temos que chegar ao punto de debater sobre este tema, entón PP e DO teñen un problema.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana di que tentou facer unha exposición o máis honesta posible, e o gran problema que hai aquí é como se complican as cousas, como poden estar vendo, e así recibiu un discurso onde se non apoia a xestión pública entón é un amoral, e di que pode ter dúbidas con respecto ao modo de xestión, o mesmo que ten dúbidas existenciais, que todos temos e resolvemos como podemos. ¿Que é o que se quere, que a Deputación solicite á Xunta que a xestión do CAPD sexa pública e directa?, pois van apoiar iso, e que se dote de cartos no futuro para que todo o que ten que ver coa xestión pública, equipamentos e demais gastos estea garantido, xa está, non hai máis que discutir, e o primeiro que falou de eleccións foi o portavoz socialista, porque nin el nin o seu partido se van presentar ás autonómicas. O que se pide é o que van votar, e punto, non hai discusión de ningunha clase, porque o único que a súa emenda introduce é un matiz para garantir a suficiencia orzamentaria nos vindeiros anos. Di que lle molesta moito que se lle lancen esas acusacións e se leve isto ao terreo político, porque ten un familiar moi directo nesa situación, e insiste en que a emenda busca garantir a suficiencia financeira do centro e a súa xestión pública, e o resto sobra.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. Caride que ten unha cousa moi importante, un voto, é o único que se lle pide hoxe non a xestión pública, senón a xestión pública directa, polo que lle pide que retiren a súa emenda, que cre que é o que van facer, e despois diso falaremos. Negan que non se poida facer política disto, porque este é o sitio da política, pero da boa política, da que fai cousas pola xente. Lembra que na comisión informativa o seu compañeiro de grupo, Álvaro Vila, xa advertiu que non se lles ocorrese facen ningunha emenda á moción, e fixérona, e espera que agora se desdigan, non por política, por humanidade. Dirixíndose ao Sr. Fernández Fernández, di que ve aquí a dar leccións de como se trata á xente, e di que el estivo tres anos traballando con persoas con problemas mentais e de falla de autonomía nunha fundación privada, polo que sabe

perfectamente do que fala, e cales son os recursos e o que tivo que pelexar pata tentar mudar as cousas, cousa que o Sr. Fernández descoñece por completo, pero cando hai un criterio económico de fondo, cando hai unha fundación detrás que vive disto non é o mesmo porque os criterios de calidade non teñen nada que ver, e o Sr. Fernández sábeo, en canto aos efectivos e a súa calidade, cos que traballan na función pública. Dille que aquí non se trata de obras nin de investimentos, senón de algo ben sinxelo, e pídelle que na súa quenda de réplica anuncie que van permitir que a moción da plataforma, defendida por BNG, C's e PSOE, prospere, con todo o que leva incluído, e que retire a súa emenda. Remata manifestando aos membros da plataforma o compromiso sen fisuras do PSOE, e está seguro que ese mesmo compromiso dáse por parte do BNG e C's, de respectar na súa integridade a moción tal e como a presentou a plataforma.

Don Rosendo Luis Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Villarino que iniciou a súa intervención anterior dicindo que non había ningún problema en engadir que a xestión pública fose directa pola Xunta de Galicia, e que se se puxo só “xestión pública” foi por respecto ao acordo de novembro de 2016; en segundo lugar, como non vai ser unha moción do BNG se a asina o Sr. Varela López; terceiro, houbo unha xunta de portavoces e o Sr. Varela López preguntou se habería algún problema en cederlle á plataforma a primeira quenda de intervención, e o portavoz do Grupo Popular dixo que non había ningún problema porque xa se ten feito; e agora se di que non é unha moción do BNG, e polo tanto haberá que aclarar isto. Dille ao Sr. Varela que ademais a moción falade garantir a posta en funcionamento de xeito “inmediato”, e pregúntase como pode facerse iso se aínda está en construción. E con respecto ao punto 4 da moción, di que o momento de garantir que o CAPD se axuste ás demandas das familias non é de agora, xa foi no seu momento, demandaron apoiadas por tódolos grupos políticos e aprobouse. O que se pide agora atinxe ao modo de xestión, e xa se dixo que non había problema en que se faga constar expresamente que será xestión pública directa; e a emenda de substitución presentouse porque entendeuse que a moción presentada polo BNG adolecía de certas imprecisións.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, di que o exercicio de equilibrios ou desequilibrios políticos que acaba de facer o Sr. Fernández non o va cualificar porque xa sabe que non lle gusta empregar termos malsoantes, pero dille que cada un ten que botar peito ao que fai, e dille que se o PP e DO tivesen só a intención de corrixir catro verbas no apartado 2, terían formulado unha emenda de

modificación dese apartado, pero non presentaron iso, presentaron unha emenda de substitución porque a moción orixina non lles valía, e o de que non aparecese “xestión pública directa” na súa emenda non era algo inocente, porque se non, ¿a que estamos a xogar? E a partir de aí, para poñerllo doado: punto, 1º, quedamos como está, porque seica estamos todos de acordo; o punto 3 e 4º no lle puxeron tacha; e no 2º o poñemos como din PP e DO, e a ver agora que escusa lle poñen.

A continuación ábrese unha discusión entre algúns deputados sobre o contido da proposta de acordo que se someterá a votación, polo que o **Sr. Presidente** suspende o debate plenario durante uns minutos para que os grupos traten de acadar un acordo ao respecto.

Pasados uns minutos, retómase a sesión, dando o Sr. Presidente a palabra ao **Sr. Varela López**, para que dea lectura á proposta de acordo consensuada entre os grupos.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, agradece a cordura dos grupos políticos, que permitiu chegar a un acordo nun asunto social tan importante para esta provincia, e da lectura á proposta de acordo, que é a seguinte:

1º.- O pleno insta á Xunta de Galiza a que garanta por escrito que o centro público será de xestión exclusivamente pública directa.

2º.- O pleno insta á Xunta de Galiza a comprometer unha partida de crédito nos vindeiros orzamentos da Xunta de Galiza que garanta a súa xestión pública directa a través da contratación de persoal público. Dispoñendo os fondos precisos para pór en funcionamento cando rematen as obras o servizo público directo, tanto para o pago da contratación do persoal como para dotar do equipamento preciso as instalacións e non ter que agardar un ano a maiores dende a finalización das obras

3º.- O pleno insta á Xunta de Galiza a realizar unha convocatoria urxente dun concurso oposición para a selección inmediata de persoal que garanta a dispoñibilidade de persoal público cualificado nada máis rematen as primeiras fases do proxecto.

4º.- O pleno insta á Xunta de Galiza a garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de construción do novo CAPD de Ourense, para garantir que se acometa conforme ás demandas acordadas, así como a garantir que o futuro Centro de atención ás persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos seus membros presentes o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- O pleno insta á Xunta de Galiza a que garanta por escrito que o centro público será de xestión exclusivamente pública directa.

2º.- O pleno insta á Xunta de Galiza a comprometer unha partida de crédito nos vindeiros orzamentos da Xunta de Galiza que garanta a súa xestión pública directa a través da contratación de persoal público. Dispoñendo os fondos precisos para pór en funcionamento cando rematen as obras, o servizo público directo, tanto para o pago da contratación do persoal como para dotar do equipamento preciso as instalacións e non ter que agardar un ano a maiores dende a finalización das obras.

3º.- O pleno insta á Xunta de Galiza a realizar unha convocatoria urxente dun concurso oposición para a selección inmediata de persoal que garanta a dispoñibilidade de persoal público cualificado nada máis rematen as primeiras fases do proxecto.

4º.- O pleno insta á Xunta de Galiza a garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de construción do novo CAPD de Ourense para garantir que se acometa conforme ás demandas acordadas así como a garantir que o futuro Centro de atención ás persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa.

13º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

14º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de decembro de 2019, e dos seguintes adicionais: 2º de setembro, 1º de outubro e 1º de novembro de 2019.

Os membros da Corporación quedan informados.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Presidente di que se presentou unha pregunta escrita do Grupo Socialista para resposta oral neste pleno, e ten a palabra o Sr. Rodríguez Villarino para formulala.

Don Rafael Rodríguez Villarino di que o 12 de setembro de 2019 o Grupo Socialista presentou un escrito solicitando a adquisición por parte da Deputación de Ourense de tres novos equipos informáticos completos, así como a súa instalación dentro do local do grupo no Pazo Provincial, debido a que os equipos existentes xa teñen moitos anos, quedaron obsoletos e presentan problemas de funcionamento. Os técnicos da Deputación procederon á instalación só de tres novos monitores, mais os equipos informáticos seguen a ser dos mesmos. A solicitude foi reiterada hai semanas sen ter resposta, e por tanto, ¿cando está previsto proceder á renovación dos tres equipos informáticos das oficinas do Grupo Socialista?

O **Sr. Presidente**, como resposta, da lectura ao informe do director da Área de Transparencia e Goberno Aberto da Deputación, no que se di que os equipos foron adquiridos a raíz da solicitude do Grupo do 12 de setembro de 2019, o que levou un tempo pola tramitación do expediente e da súa subministración, precisando que ao tratarse de substitución de equipos que, malia a súa obsolescencia, seguen a estar operativos, non se procedeu por trámite de urxencia. Informa tamén que na primeira semana de novembro a Deputación sufriu un ataque informático que afectou a varios equipos correspondentes a postos de empregados públicos que quedaron inutilizados, o que motivou a variación da orde de prioridades, pasando a antepoñer os servizos ao público e a operatividade dos postos de traballo ao resto de tarefas pendentes, e dado que houbo que repoñer varios equipos comprometidos, antes de poder dispoñer de novos PC's adquiridos por trámite de urxencia, utilizáronse os recursos dispoñibles na institución, entre eles os tres equipos pre – asignados ao Grupo Socialista. Dado que o ataque só afectara a CPU's, si Se puideron substituír os monitores da oficina do grupo. Unha vez superado o dito incidente, a previsión de substitución dos equipos do Grupo Socialista é antes do 15 de febreiro de 2020.

D.^a Montserrat Lama Novoa pregunta se a Deputación ten constancia das actividades que se están a realizar no aeródromo de Antela por parte de membros do aero clube A Vela, e se estas actividades contan con todas as autorizacións e permisos tanto da Axencia Nacional de Seguridade Aérea como da Deputación, e en que estado se atopa o documento de cesión ou que tipo de acordo teñen a Deputación e este clube de voo, sendo de responsabilidade civil

subsidiaria calquera incidencia que poida desenvolverse no citado aeródromo, e se o aeródromo está cedido para seu uso polo Ministerio de Medio Ambiente e a Consellería de Medio Rural para extinción de incendios e ten prohibido o seu uso para calquera actividade civil.

O **Sr. Presidente** di que recabará a información e lle será remitida por escrito.

D.^a Montserrat Lama Novoa pregunta pola compra dunhas pezas de Sargadelos, cuxo destino lle gustaría coñecer e por que, con que obxectivo, se fixo esa compra.

O **Sr. Presidente** di que toma nota da pregunta e lle será contestada oportunamente.

Don Bernardo Varela López reitera unha pregunta que formulou por escrito, en relación cunha comunicación que saíu publicada en *El Confidencial* e despois tamén en *La Voz de Galicia* na que se chegaba a cualificar á Deputación de Ourense como campioa do troceamento de contratos, insinuando que estaríamos a incumplir a Lei de Contratos do Sector Público. Di que lle gustaría que se fixera un informe dende Secretaría e Intervención ao respecto, e que se trasladase a estes xornais para que, de ser o caso, se restituía a boa imaxe desta Deputación, e é certo que chama a atención polo alto número de contratos menores con máis de 2 millóns de euros, e moitos eles xogando xusto no límite dos 40.000 euros. Formula por isto un rogo ao goberno provincial para que o contrato menor se empregue só nos casos nos que sexa estritamente necesario.

O **Sr. Presidente** di que toma nota do rogo e lle será contestado por escrito.

Don Bernardo Varela López di que en relación coa compra das pezas de Sargadelos pola que preguntaba a Sra. Lama Novoa, tivo oportunidade de consultar o prego de cláusulas administrativas para a compra desas pezas mediante procedemento negociado sen publicidade, ao abeiro do artigo 168.a.).2º da Lei de contratos do sector público, é dicir, *“cuando las obras, los suministros o los servicios solo puedan ser encomendados a un empresario determinado, por alguna de las siguientes razones: que el contrato tenga por objeto la creación o adquisición de una obra de arte o representación artística única no integrante del Patrimonio Histórico Español; que no exista competencia por razones técnicas; o que proceda la protección de derechos exclusivos, incluidos los derechos de propiedad intelectual e industrial. La no existencia de competencia por razones técnicas y la protección de derechos exclusivos, incluidos los derechos de propiedad intelectual e industrial solo se aplicarán cuando no exista una alternativa o sustituto razonable y cuando la ausencia de competencia no sea consecuencia de una configuración restrictiva de los*

requisitos y criterios para adjudicar el contrato”. Esta adquisición é para atencións protocolarias, pero é que se está a adquirir a cantidade de 5.000 unidades (1.000 da peza As Burgas, 1.000 da peza colgante pulseira cor, 1.000 unidades da peza escritorio Ourensanía, 1.000 unidades da peza prato Ourensanía e 1.000 unidades da peza Camafeo) e ademais coincide no tempo con outro contrato que se fai de 656 libros de catro títulos diferentes por un importe de 40.639,30 euros, e o de Sargadelos eran 283.000 euros, ou sexa máis de 323.000 euros nestes dous contratos, e non sabe se temos esa capacidade de atención protocolaria, sinceramente, ou se isto se compra en previsión para as futuras xeracións, porque chama a atención o número. E chámalle a atención que habendo en Ourense oleiros como os de Xunqueira de Espadanedo, que fan unhas pezas senlleiras de artesanía (e non quere dar ideas para que se merquen máis pezas, non vaia ser o demo, porque de atencións protocolarias imos ben xa para unha boa temporada) pero xa postos pareceríalle mellor que se buscasen pezas representativas da provincia de Ourense, de artesáns da provincia. E dende logo gustaríalle ter unha xustificación máis realista da compra, porque para atención protocolaria 323.000 euros é excesivo, porque con estes cartos se podía atender o plan de cooperación de seis concellos da provincia ao ano.

O **Sr. Presidente** di que toma nota do rogo e se le remitirá, ao igual que á voceira de C’s, copia do informe que se elaborará e no que quedará todo perfectamente claro, tanto a legalidade do expediente de contratación como as necesidades protocolarias. Con respecto aos oleiros de Xunqueira de Espadanedo, hai un só, Agustín Vázquez, que sabe que conta con todo o apoio da Deputación, e o Centro de Interpretación da Olería foi posto en marcha grazas á Deputación.

Dona Rosario Rodríguez Delgado di que dende os concellos cuxas páxinas web e accesos a internet están aloxados nos servidores desta Deputación, como é o caso do concello de Verín, queren saber cando se vai resolver este problema, que dura xa máis de tres meses, e que lles impide ter acceso a pór fotos ou a cambiar banners, porque antes podíase acceder por FTP e cambiar datos, e agora teñen que estar de brazos cruzados por non ter información, con conseguinte prexuízo para os cidadáns, que ven minguido o seu dereito á información. ¿Ten que ver isto co problema do hackeo, ou isto non é considerado un servizo público pola Presidencia?

O **Sr. Presidente** di que por suposto que é un servizo público a cooperación cos concellos, e inevitablemente está vinculado ao problema do hackeo informático, que deu lugar

á necesidade de establecer unha serie de prioridades, e imaxina – e así se lle ten solicitado ao director da Área – que a actualización e a posta en correcto funcionamento das webs dos concellos que xestionamos dende aquí tamén vai ser unha realidade nos vindeiros días. Agarda que no próximo pleno non teña que reiterarlle esta solicitude de información.

Don Diego Fernández Nogueira di que co tempo húmido destes días vai ser necesario realizar traballos de eliminación de maleza nos camiños, e por outra banda estes días estamos a ver as visitas de altos cargos de Medio Rural presentando unha serie de proxectos piloto de aldeas modelo, e é evidente que se queremos vivir do agro haberá que orientarse ao ecolóxico, polo que formula un rogo para que non se empregue glifosato na limpeza das marxes das estradas provinciais, porque cando menos para a OMS ese produto é potencialmente canceríxeno ou hai serios indicios de que pode selo.

O **Sr. Presidente** di que toma nota dese rogo.

Don José Ignacio Gómez Pérez di que fai meses formulou unha pregunta por escrito á que o Sr. Presidente respondeu cun informe por escrito, neste caso da dirección de obra do campo de fútbol de herba artificial co - financiado entre o concello de Ribadavia e a Deputación. Na pregunta inquiriase se a obra estaba quedando nas debidas condicións e se se cumpría co proxecto inicialmente aprobado para a dita obra, e na resposta o Sr. Presidente respondeu que si, e que incluso a herba artificial que se estaba a colocar melloraba as condicións mínimas que se esixiran no proxecto. A día de hoxe, quince días despois de abrir o campo de fútbol, formula un rogo para que sen máis dilación os técnicos da Deputación visiten o campo de fútbol e analicen a obra que alí se fixo, porque quince días despois é unha auténtica vergoña, un *patatal*, como xa advertira o Grupo Socialista, porque as obras fixéronse tarde, mal e ás arrastradas, tras un investimento de moitos cartos do Concello e da Deputación, e polo tanto pide que se arranxen todas as deficiencias que poidan aparecer, que por desgraza van ser moitas.

O **Sr. Presidente** di que toma nota dese rogo e se procederá á revisión desa circunstancia.

E, ás 15.51 horas do citado día 31 de xaneiro de 2020, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará de forma electrónica. Dou fe.

Dilixencia:

Póñoa eu, o secretario, para facer constar que, de conformidade co previsto no artigo 4.h) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense, e logo de concluída a sesión, a Presidencia abriu unha quenda para que por parte de **don Agustín Vega Fuente**, que se atopa entre o público, poida formular oralmente unha serie de preguntas á Presidencia sobre temas concretos de interese provincial, conforme ao solicitado no seu día polo interesado.

Don Agustín Vega Fuente ocupa un escano no salón de sesións, e di que a súa intervención está motivada polo seu interese pola cousa pública, agradecendo á Presidencia que non puxese obstáculos ao seu dereito, como cidadán, a intervir neste salón de plenos. Efectúa unha disertación previa na que expón a súa interpretación da lexislación vixente en materia de retribucións de cargos electos, consistente en considerar incompatible o desempeño deses cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial nunha corporación local coa percepcións de dietas por asistencias a órganos colexiados doutras corporacións locais ou de entidades públicas como o INORDE, práctica que considera corrupta e que afirma foi iniciada hai anos polos cargos electos por formacións políticas da dereita, estendéndose logo tamén aos das formacións políticas de esquerda. Critica tamén o feito de que se teña autorizado – ao seu xuízo, ilegalmente – a compatibilidade entre o exercicio do cargo electo en réxime de dedicación exclusiva e o exercicio da docencia universitaria. Pregunta cantos deputados teñen dedicación exclusiva, e cantos a teñen noutras administracións e cobrar retribucións por asistencia a pleno e comisións nesta deputación, e cantos deputados con dedicación exclusiva cobran doutras administracións ou organismos autónomos, universidades, etc, e se respecto dos deputados con dedicación exclusiva que cobran por actividades noutras administracións públicas as administracións públicas se comunican reciprocamente as xornadas efectivamente traballadas ou pasan olímpicamente do asunto. Remata formulando un rogo á Presidencia para que modifique a regulamentación ao respecto e anule e prohiba este tipo de prácticas, advertindo que de non facelo así, isto non acabará aquí.

O Sr. **Presidente** responde informando de que os deputados con dedicación exclusiva figuran no apartado de transparencia da páxina web, e son os seguintes: José Manuel Baltar Blanco, Plácido Álvarez Dobaño, Armando Ojea Bouzo, Pablo Pérez Pérez, Luz Doporto Real, Rafael Rodríguez Villarino, Diego Fernández Nogueira, José Ignacio Gómez Pérez, Bernardo Varela López e Montserrat Lama Novoa. En canto a cantos destes deputados cobran doutras administracións públicas ou similares, di que só existe unha autorización de compatibilidade outorgada por acordo de 16 de xullo de 2019 ao deputado provincial don Rafael Rodríguez Villarino para o desempeño do posto de profesor asociado na Universidade de Vigo, autorización que se concedeu previo o informe favorable da Secretaría Xeral da Deputación. Con respecto a cantos deputados teñen dedicación exclusiva noutras administracións e cobran dietas por asistencia a órganos da Deputación, informa que o deputado provincial don Rosendo Luis Fernández Fernández ten dedicación exclusiva como presidente do INORDE, e que as percepcións de tódolos deputados están a disposición do Sr. Vega Fuente na web da Deputación. Con respecto á pregunta de se algún destes deputados ten comunicado a súa xornada noutras administracións, a resposta é que non. E con respecto ao suposto de autorización de compatibilidade para o exercicio da docencia universitaria, no que se preguntaba se se comunicaran as xornadas laborais respectivas as administracións, informa que o acordo de autorización, adoptado no expediente 2019/8115K, foi comunicado á Universidade. Toma nota do seu rogo, e di que será tido en conta nunha eventual modificación da normativa provincial na materia. Conclúe a súa resposta agradecéndolle a súa participación neste acto.